REVISTA DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA_NÚMERO 64_OUTUBRO_NOVEMBRO_ 2008

Código Cero

WWW.CODIGOCERO.COM

O SOFTWARE LIBRE GALEGO, A POR TODAS

REPASO DO PRESENTE E FUTURO DO CENTRO MANCOMÚN

MÓBILES NA NOSA LINGUA

OPERADORAS E FABRICANTES ABREN [POR FIN] OS OLLOS

GOOGLE PREFIRE O CASTELÁN

AS PROCURAS, MENOS OBXECTIVAS DO QUE PARECE

TRISQUEL GNU/LINUX

MATERIA PRIMA AUTÓCTONA

MÉDICOS EN LIÑA

AS TICS AFIÁNZASE NO SERGAS

sociedadedainformacion.eu
Estratexia galega da Sociedade da Información

A Sociedade da información

AO ALCANCE DA TÚA MAN

www.sociedadedainformacion.eu

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

NESTE NÚMERO...

O número 64 de Código é o número máis aberto da relativamente breve historia desta revista. Isto é moi sinxelo de explicar: practicamente todas as páxinas desta achega en concreto tratan directa ou indirectamente do software libre, un tipo de programación que, como o seu propio nome indica, ofrécese sen restricións aos usuarios de equipos informáticos e redes. Ou sexa: que en maior ou menor medida é como unha rede de aulas abertas de coñecemento, onde podemos meterlle man a todo o que se nos brinda (podemos traducir ese coñecemento, aplicalo ás nosas necesidades, difundilo e mesmo é posible mudar a disposición da aula elixida ao noso gusto e ao noso criterio).

Isto que é importante para os usuarios en xeral das novas tecnoloxías, sexan do país que sexan, ten tamén amplas posibilidades para as administracións e para as empresas de calquera sector. As primeiras porque representan os intereses das/os cidadáns e, nestes tempos de crise, teñen a obriga de procurar todo aquilo que precisan do xeito menos custoso posible e sen renunciar á calidade. As segundas porque se deben a si mesmas e aos seus clientes, e como tales xurdiron para seren competitivas e facerse un oco no mercado, e todo o que sexa apostar por menores custos e maiores marxes de manobra non semella unha mala aposta. Amais, como indica a Asociación Galega de Empresas de Software Libre (Agasol) nunha das páxinas do interior desta revista (no que damos conta polo miúdo das actividades e obxectivos do centro Mancomún, referente da programación aberta en Galiza), a nosa terra está a crear un tecido cada vez máis forte de compañías que ofrecen servizos e programas de software libre perfectamente útiles e competitivos, co que as escusas para non comprometerse cos estándares abertos teñen cada vez menos sentido. De feito, é perfectamente lícito seguir a apostar por programas pechados, pero, do mesmo xeito, xa non é posible atopar argumentos de peso para non escoitar o que nos queren dicir os programadores de códigos libres. Eles, en definitiva, xa estaban antes de que chegaran os demais (a informática comezou sendo libre, aínda que estea afianzada a crenza contraria).

O seu argumento ten a mesma natureza có resto dos argumentos silenciados ao longo da historia recente. De tratar de achegar un pouco de xustiza á historia da informática (que, como todas as historias, non sempre foron escritas por plumas desinteresadas), é do que trata precisamente este número 64 que vostede, lectora/lector, ten entre mans. Un número aberto que, como tal, fará todo o posible por adaptarse ás súas necesidades.

Bolachas comprometidas coa programación libre, vistas no sitio de Mario theBoom en Flickr

NOVAS

4 RESUMO DE ACTUALIDADE DE E-COMERCIO E DE EMPRESAS RELACIONADOS COAS NOVAS TECNOLOXÍAS

REPORTAXES

7 GOOGLE PODERÍA ESTAR FAVORECENDO UNHA FENDA DIXITAL CO GALEGO

8 A UNIVERSIDADE DE VIGO DÁ A COÑECER O DICIONARIO INGLÉS-GALEGO MÁIS EXHAUSTIVO DA REDE

10 O SERGAS INFORMA DOS SEUS TRABALLOS A PROL DAS TIC NA SANIDADE GALEGA

11 OPERADORAS E FABRICANTES PÓÑENSE POR FIN AS PILLAS: O GALEGO ENTRA NOS MÓBILES

12 ESCOLMA DAS PERSOAS QUE MÁIS PESO TEÑEN ARESTORA NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

13 A EMPRESA GALEGA IGALIA LÁNZASE AO SOFTWARE LIBRE PARA MÓBILES

14 DAMOS CONTA DALGÚNS RECURSOS EN REDE PARA AFORRAR EN COMBUSTIBLE

ESPECIAL SOFTWARE LIBRE: CENTRO MANCOMÚN

15 A ONU RECOÑECE A GALIZA COMO REFERENTE NO SOFTWARE LIBRE

16 ENTREVISTA A HELENA VEIGUELA, DIRECTORA XERAL DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL E DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

18 INDUSTRIA E AGASOL, XUNTAS CONTRA A CRISE

19 AS UNIVERSIDADES GALEGAS PECHAN FILEIRAS ARREDOR DA PROGRAMACIÓN ABERTA

20 MANCOMÚN PARTICIPA ARREO NO EVENTO LUSÓFONO BROFFICE.ORG

21 PARTE SOBRE O ESTADO DA TRADUCIÓN DE SOFTWARE AO GALEGO

22 ENTREVISTA A XESÚS BENÍTEZ BALEATO, COORDINADOR DE MANCOMÚN

23 INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA 55.000 EUROS PARA AFIANZAR O CÓDIGO ABERTO

24 O CENTRO GALEGO, PARADIGMA DA INTEROPERABILIDADE PANCONTINENTAL

25 MANCOMÚN E A INDUSTRIA VANSE Á CONFERENCIA INTERNACIONAL DE MÁLAGA

REPORTAXES

26 O NAVEGADOR FIREFOX SEGUE IMPARABLE

27 ENTREVISTAMOS A ROBERTO VIEITO, AUTOR DUN ESTUDO SOBRE O SOFTWARE LIBRE EN GALIZA

28 TRISQUEL: O SISTEMA OPERATIVO GALEGO PARA AS EMPRESAS E PARA A EDUCACIÓN

XOGOS

30 O NOSO COMPAÑEIRO SEVI MARTÍNEZ DÁ CONTA DAS NOVIDADES MÁIS SALIENTABLES DA TEMPADA

Mándanos as túas suxestións, opinións, páxinas recomendadas, blogs ou sitios persoais ao correo electrónico: paxinas@codigocero.com. As páxinas seleccionadas recibirán de balde, por correo, a nosa revista en papel durante seis meses.

Código Cero

STAFF 3

DIRECTOR_
Hosé María Fernández Pazos
director@codigocero.com

SUBDIRECTORES_
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com
Carlos Ballesteros
subdirector@codigocero.com

REDACTORES-XEFES_
Fernando Sarasquete
redaccion@codigocero.com
Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo · Joferpa

REDACCIÓN_
Diego Rosales (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
David Lombardía (Nova Economía)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)
Sevi Martínez (Xogos)

COLABORADORES_
Sevi Martínez, Marcus Fernández, Diego Rosales, Fernando Sarasqueta, Suso Baleato, Irene Touriño, Rubén Rodríguez e Raquel Noya.

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez

DESEÑO GRÁFICO_
Grupo Código Cero Comunicación
publicidade@codigocero.com
Victor o Victoria
info@victorovictoria.com

IMPRIME_
Celta Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón , 30. Vigo
Tel. 986 81 46 00 · Fax 986 81 46 38

EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación
Cantón de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-Fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

CÓDIGO CERO
REVISTA DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA
NÚMERO 64 _ OUTUBRO_NOVEMBRO_2008_

Publicación periódica. Prezo 1 euro.
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

O "Grupo Código Cero S. L." reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ó amparo dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reproducción, distribución e a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen a autorización da editorial.

PROFESIONAIS DA COMUNICACIÓN DE EUROPA E AMÉRICA ANALIZARÁN O FUTURO DO SECTOR EN SANTIAGO

Álex Grijelmo, presidente de EFE

Enxergar o futuro do sector empresarial da comunicación unha tarefa complicada até para os máis especializados en prognósticos tecnolóxicos. Con todo, hai unha clave que está fóra de toda dúbida e que semella o mellor punto de partida posible para calquera estudo: a comunicación vai ir ligada ás redes coma a propia linguaxe ás palabras. Botar luz sobre o que se nos vén enriba en materia informativa é o gran obxectivo duns encontros preparados para os vindeiros meses en Santiago, concretamente entre o 23 de outubro e o 4 de decembro na sede da Fundación Caixa Galicia na rúa do Vilar.

As xornadas, que veñen acompañadas dun elocuente subtítulo, O futuro da industria da Comunicación, están organizadas polo Club Internacional de Prensa e, polo que se pode albiscar no seu programa, van encamiñadas a avaliar sobre todo dous espazos comunicativos ben concretos: o europeo e o latinoamericano.

Asemade, serán de balde e estarán abertas á participación de estudantes e profesionais en xeral do contorno comunicativo (directa ou indirectamente relacionados co mesmo). Por certo que o prazo para formalizar a inscrición xa está aberto, e pódese facer a través da conta club.inter.prensa@xunta.es.

Segundo sinala o Club de Prensa, os encontros contarán con profesionais de renome internacional no eido da información, entre os que se contan –dende a beira europea- Alex Grijelmo, presidente de EFE, ou João de Almeida Santos, asesor político do primeiro ministro de Portugal. Pero hai máis, e a continuación vai unha escolma:

- Carlos Jiménez, enxeñeiro superior de Telecomunicacións, presidente de Secuware
- Amalia Schirru, deputada polo Partido Democrático en Italia.
- Eduardo Medinaveitia, director xeral técnico de Zénith Media.
- Carlos Fernández Esteban, enxeñeiro industrial e máster en Investigación Operativa.
- Jesús Timoteo, catedrático de Xornalismo e Comunicación na Universidade Complutense de Madrid e profesor emérito de Comunicación no Instituto Politécnico de Lisboa.
- Paulo Nassar, e director xeral da Asociación Brasileira de Comunicación Empresarial.
- Sandra Fuentes, directora da Especialización en Comunicación Organizacional da Pontificia Universidade Javeriana Bogotá, entre outros.

Os responsables de Eganet na nova sede de Compostela

EGANET SITÚASE A PROL DA COLABORACIÓN COMO INSTRUMENTO CONTRA A CRISE

A Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) tivo hai uns días un evento crucial da súa axenda. Máis polo miúdo, foi un acontecemento duplo e complementario: por unha banda, a estrea oficial perante o equipo responsable da entidade da súa nova sede na rúa Pérez Constanti de Santiago (preto da praza de Galicia) e, pola outra, a asemblea extraordinaria da xunta directiva. A cita desenvolveuse o mércores 8 de outubro ao mediodía (precisamente) nas novas instalacións, onde os membros da entidade, amais de ter ocasión de tirar partido abondo dos servizos habilitados (gabinete de tránsito, acceso á Internet Wi-Fi, equipamento tecnolóxico, sala de xuntas), tiveron a oportunidade de fortalecer os seus obxectivos e darlles forma aos programas vindeiros de actuación.

Máis polo miúdo, afianzouse o seguinte obxectivo: "Facer forte ao sector nun contexto de crise económica". Este intre de recesión económica, que, segundo indicaron non está a afectar aos socios de Eganet, foi en boa medida o eixe das cuestións tratadas. Amais dos seguintes, en parte propostos como medidas para atallar a devandita crise: a profesionalización, a especialización e a formación dos empresarios do sector; a planificación estratéxica (que vai incluír un estudo sobre o posicionamento das firmas TIC galegas); a procura de máis e mellor colaboración e a potenciación dos produtos.

CANCÉLASE O SIMO 2008

Se o pasado luns 13 de outubro comentabamos na nosa web que máis da metade dos expositores que o pasado ano asistiron ao SIMO no IFEMA madrileño non tiñan pensado repetir este ano, no que parecía ser un paso no declive desta feira tecnolóxica, ao día seguinte dende ComputerWorld aseguran que trala confirmación de ausencias ten notables como a de Microsoft, Telefónica, Orange, Toshiba, Lenovo, Fujitsu-Siemens, Philips e incluso Vodafone (que anunciou esta mesma mañá que non asistiría ao evento) non quedou outro remedio que cancelar o encontro pese a que xa se estaban preparando os seus contidos (entre os que había unha web con funcións de rede social).

Queda agora por ver se estamos ante un paréntese da feira tecnolóxica provocado polo panorama económico ou se pola contra se trata da defunción dun evento que non chegará a sumar os seu 48 anos de vida.

INNOVACIÓN ANUNCIA NOVOS APOIOS PARA O AFIANZAMENTO DE NOVAS CANLES DE DISTRIBUCIÓN AUDIOVISUAL

O audiovisual galego contará en breve cun apoio de 600.000 euros encamiñados a favorecer o uso e dispoñibilidade de novas canles de realización e distribución. Así o fixo saber a semana pasada a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela, durante o transcurso das xornadas Novas Formas de distribución e consumo audiovisual organizadas no Hotel NH de Santiago por AGAPI. A directora xeral, que salientou o éxito de participación destes encontros, fixo fincapé en que a achega do seu departamento vai dirixida sobre todo á tiraxe de copias en 35 mm. e DVD de longametraxes e telefilmes, dobraxe noutros idiomas e promoción.

Na xuntanza, que se desenvolveu os días 9 e 10 de outubro, participaron (entre outros profesionais do sector en Galiza e España) Rogelio Velasco, de Telefónica; Jacques Roldán, de Sogecable; o consultor europeo Joan Majó; José Ramón García, de Blüsens; e José María Besteiro, de Distrivisión Tv. No transcurso do foro, que serviu sobre todo para abrir novos vieiros no aproveitamento das posibilidades do dixital como factor de creación e distribución, organizáronse relatorios, debates, mesas redondas e presentacións dirixidos principalmente a avaliar polo miúdo o proceso de incorporación das novas tecnoloxías do coñecemento ao audiovisual.

NOVAS_

SOUTH PARK ADAPTARASE AO IPHONE

A serie televisiva de South Park foi unha das que mellor reaccionou ao éxito dos seus episodios na web lanzando un espazo dende o que se poden ver todos os seus capítulos de balde, que segundo informan dende Boing Boing podería ir máis aló e estrear en breve unha aplicación para o iPhone que se permitiría o acceso aos contidos da serie dende o móbil de Apple, así como acceder aos contidos (guías de episodios, novas...) publicados na web da serie, que xa achegou máis de 55 millóns de reproducións de vídeo dende o seu lanzamento.

A aplicación para o iPhone podería axudar a mellorar o éxito de South Park na Internet, permitindo funcionalidades que van máis aló da reprodución de vídeo, como podería ser asignar imaxes de personaxes da serie aos nosos contactos telefónicos ou personalizar o fondo de escritorio do móbil



Imaxe achegada polo novo satélite

O SATÉLITE FOTOGRÁFICO GEOEYE-1 COMEZOU A OPERAR ESTA SEMANA

O pasado día 7 o satélite GeoEye-1 tomou a súa primeira imaxe mentres se desprazaba a 7,2 quilómetros por segundo a 680 quilómetros sobre a Universidade de Kutztown en Pennsylvania, no que será unha das moitas fotografías que capture este satélite comercial, o primeiro patrocinado por Google e a Axencia de Intelixencia Xeoespacial Nacional (NGA) , e o vicepresidente de GeoEye, a empresa que xestiona o satélite, asegura que o mesmo é "o contrario dun satélite espía", posto que venderá imaxes a clientes de todo o mundo que precisen mapear, medir ou monitorizar cousas sobre a superficie do planeta cunha resolución máxima de 43 centímetros (das que Google só poderá obter imaxes cunha resolución de 50 centímetros por restricións gobernamentais).

Ao entrar Google no proxecto consegue ser o único servizo de mapas na Internet que poidan empregar as imaxes deste satélite ao que sucederá en 2011 ou 2012 o GeoEye-2, que terá unha resolución de 25 centímetros (aínda que Google continuaría a recibir unha versión reducida das imaxes captadas).

COMPLÉTASE O BORRADOR DO PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA CRTVG

A Comisión de Dixtalización co director xeral de Comunicación Audiovisual (no centro)

Os membros da Comisión de Dixitalización entregaron o pasado 10 de outubro nas instalacións da canle autonómica galega a Manuel José Fernández Iglesias, director xeral de Comunicación Audiovisual, o primeiro borrador do Plan de Dixitalización da CRTVG e as súas sociedades, para organizar o proceso de dixitalización do ente público que se acometerá proximamente, e que terá coma obxectivo instaurar un fluxo de traballo sen cintas, onde os contidos audiovisuais estean dispoñibles dende calquera ordenador de xeito automático e transiten pola rede de comunicacións corporativa. O proceso centrarase nun sistema de xestión de contidos audiovisuais, dotado de ferramentas específicas para cada tarefa.

O Proxecto Básico de Dixitalización da CRTVG, TVG e RG define a tecnoloxía a implantar, o equipamento de hardware e software, as necesidades de espazo e acondicionamento, un plan de formación do persoal e o calendario de actuacións e orzamento. O proceso distribúese en dúas fases (proxecto piloto en 2009 e proxecto executivo en 2010) e conta cun orzamento total de 6 millóns de euros.

CONCIENCIA 2008 CONTARÁ COA PRESENZA DA ESPECIALISTA EN COMPUTACIÓN FRANCES ELIZABETH ALLEN

A terceira edición do Programa ConCiencia (presentado recentemente en Santiago) contará coa presenza da estadounidense Frances Elizabeth Allen, galardoada co premio Turing no ano 2006, recoñecemento considerado na comunidade científica como o nobel das Ciencias da Computación. Allen, que pasará á historia do congreso organizado pola Universidade e o Consorcio como a primeira muller convidada a dar conta da súa actividade investigadora, ten tras de si unha longa e fructífera carreira no estudo das posibilidades operativas dos computadores, e máis polo miúdo nos xeitos de incrementar a súa rendibilidade no cálculo de envergadura.

O seu labor de investigación, ligado durante moitos anos ao senlleiro IBM Thomas Watson Research Center, deu como resultado importantes contribucións ás técnicas de optimización automática en compiladores (a ferramenta do equipo que desenvolve a tradución das indicacións dun programa a códigos interpretables polas máquinas) e a extracción automática de paralelismo (realización dunha tarefa repartida en procesos feitos ao mesmo tempo).

Xunto a Allen, informaron os responsables da organización (que contan co apoio da Fundación Caixa Galicia), completarán o ConCiencia 2008 os premios Nobel de Química en 2001, Karl Barry Sharpless, e de Física en 1999, Gerardus 't Hooft, que impartirán ao longo deste último trimestre do ano cadansúa conferencia divulgativa e manterán diversas reunións con investigadores. Jorge Mira explicou que esta nova edición xa comezara coa visita do Nobel de Medicina en 1989, Harold Varmus, o pasado mes de maio.

Sinalar que o Programa ConCiencia persegue unha vontade didáctica e accesible do labor científico, poñendo ao seu alcance recursos que axuden a entender os seus logros entre a sociedade en xeral.



O GULO RENOVA A APARENCIA DA SÚA PÁXINA WEB

O Grupo de Usuarios de GNU/Linux de Ourense, GULO, renovou a imaxe da súa páxina web, mantendo como base o xestor de contidos Joomla, pero presentando un molde máis limpo e estruturado, de xeito que non cambian os contidos da web senón a súa presentación.

Na entrada da nova web (www.gulo.org) podemos ver agora unha imaxe co logotipo do grupo xunto co lema GULO, the right way, que serve para dar a benvida aos usuarios ourensáns que queiran entrar no mundo do código aberto.

HP APÓIASE EN INVESTIGADORES GALEGOS PARA O DESEÑO DE NOVAS FERRAMENTAS

A ciencia computacional precisa arestora dos mellores e máis completos equipamentos tecnolóxicos. É un requirimento que non carece de lóxica: os cálculos chegan antes e en mellores condicións a bo porto se teñen operando para eles á meirande cantidade de ordenadores e, de entre todos, aos de maior capacidade. É precisamente nesta liña de reforzar o potencial de cómputo e a eficacia dos equipos informáticos en xeral onde se sitúa un acordo asinado recentemente en Santiago na sede do CESGA. Nel participaron os representantes deste espazo galego investigación (Salustiano Mato e Javier García Tobío), das universidades de Santiago e A Coruña (o vicerreitor Lourenzo Fernández e o reitor José María Barja) e da empresa HP (o presidente da división española, Santiago Cortés).

Ao acto, que máis detalladamente serviu para sentar os alicerces de dous proxectos de investigación na ciencia computacional que beneficiarían á comunidade científica e tamén á propia HP, tamén acudiron dous investigadores implicados arreo nos mesmos: Francisco Fernández e Ramón Doallo, dos grupos de Arquitectura de Computadores das Universidades de Santiago e A Coruña. Segundo o acordo asinado entre as devanditas partes, que ten unha duración de tres anos, HP investirá medio millón de euros no desenvolvemento das iniciativas HC-PROJECT e UPC-PROJECT.

Os dous proxectos contarán coa participación directa dos investigadores Fernández e Doallo e dos Laboratorios de HP, amais do labor de coordinación achegado polo propio CESGA. As iniciativas mobilizarán en total a 34 investigadores. Os seus obxectivos: incrementar as capacidades de traballo da comunidade científica mesma e, como dixemos, do propio catálogo de innovacións tecnolóxicas de HP.

Máis polo miúdo, o HC-PROJECT vai encamiñado a incrementar a velocidade de que os ordenadores empregan para acceder á memoria, mellorando a eficacia e suprimindo atrancos. O segundo proxecto vai dirixido a facer máis doada a programación e a minimizar a complexidade no emprego cotiá dos supercomputadores e investigadores de calquera disciplina científica. A finalidade última destas propostas, amais das devanditas, é servir de base e punto de partida para incorporar no catálogo de produtos comerciais de HP ou para o deseño de novos e innovadores produtos tecnolóxicos que fagan máis doado o día a día na Sociedade da Información.

GOOGLE PODERÍA ESTAR A CREAR UNHA FENDA LINGÜÍSTICA AO MARXINAR ÁS WEBS EN GALEGO NOS SEUS RESULTADOS DE BUSCA

A dependencia tecnoloxía de produtos e servizo é un dos grandes problemas que achega a Internet, pois os usuarios se afán á utilización de ferramentas que se converten en indispensables, polo que a súa manipulación ou fallo poden ter repercusións moi serias.

Como exemplo podemos lembrar a caída do servizo de Messenger hai anos, que levou a moitos usuarios a non poder comunicarse coma de costume cos seus amigos e familiares, pero este tipo de incidencias son momentáneas, polo que aínda que deberían levarnos a tomar medidas preventivas, non teñen efectos a longo prazo, o que si acontece coas prácticas monopolísticas de Google, que no seu espallamento dende un buscador a toda unha chea de servizos que van dende o correo electrónico ata á publicación de vídeos en YouTube, está a provocar que a súa empresa sexa a que ten o control de boa parte dos usuarios da Internet, aos que guían na Rede.

Dado que Google segue un código de boas prácticas, non nos deberiamos preocupar de que o monopolio de facto que Google ten nas buscas a través da web se aproveite para promover espazos patrocinados ou para agochar informacións a xeito de censura, pero medidas orientadas a mellorar a experiencia de uso dos seus servizos poden provocar danos colaterais, e iso parece ter acontecido coa versión en español do popular buscador, que se configura por defecto para dar prioridade nas buscas a páxinas en español, o que fai que o resto de linguas do estado se vexan marxinadas nos resultados de busca, de xeito que webs que aparecen coma primeiro resultado ao consultar o buscador dende as súas versións en galego e inglés (entendendo esta última como a máis obxectiva globalmente) quedan relegadas incluso máis aló da súa terceira páxina de resultados se consultamos o servizo na súa versión en español, o que supón a súa desaparición práctica para o usuario final.

Os usuarios poden modificar as preferencias de Google para evitar esta resposta do buscador, pero iso é algo que os usuarios descoñecen na súa meirande parte, e como consecuencia temos que as webs galegas que se publican en galego padecen nos últimos meses un descenso de público que se pode xustificar polo un cambio en Google que se podería considerar inocente, pero que afasta inconscientemente ao público galego de moitas páxinas web galegas.

Caso práctico

Para ilustrar a discriminación que Google está a exercer sobre as páxinas web en galego podemos probar a buscar información sobre a calidade do software analizada en GaliciaPMS a través da busca «software GaliciaPMS» e vemos que os resultados dende o Google en español ou en galego son radicalmente distintos e, aínda que o primeiro resultado corresponde en ambos casos na propia web de GaliciaPMS, o buscador en galego ten a ben dirixirnos logo a esta publicación e á web de Mancomún, páxinas que aparecen na terceira páxina de resultados na versión en español, estando precedidas por distintas informacións en español que claramente son menos axeitadas como resultados de busca.

Caída de audiencias

Se miramos as audiencias das webs galegas baseándonos en Alexa podemos percibir que as páxinas web galegas escritas en español non acusan ningún tipo de incidencia, mentres que as publicadas en galego padecen unha caída de visitas entre os meses de xuño e setembro moi acusada, resultando especialmente graves as caídas do portal da Cultura Galega (http://www.culturagalega.org) e de Galicia Hoxe, que perderon 223.551 e 197.690 posicións respectivamente no índice global de Alexa nese pequeno lapso de tempo.

Incluso se facemos unha análise relativa a webs galegas (comparadas con outras webs da nosa comunidade) vemos coma no noso Top 100 coas páxinas máis populares os medios en galego están a perder forza. Se comparamos a posición das webs na actualidade con respecto ao ano pasado temos que a CRTVG pasou dun posto 26 a un 24, Vieiros do 17 ao 30, Xornal.com do 9 ao 20, a nosa propia publicación do 70 ao 73, o portal da Cultura Galega do 78 ao 90 e Galicia Hoxe do 81 ao 100; ou sexa, que estamos a vivir un ocaso de audiencias nas webs en galego que parece estar provocado por un simple cambio de política dun servizo de busca norteamericano sobre o que non temos control e do que si temos unha forte dependencia.

Para moitos usuarios Google e web son case un sinónimo, e chegan a empregar o buscador como substituto da barra de enderezos do seu navegador, polo que a modificación desta plataforma afecta profundamente aos hábitos de consumo dos internautas, e cómpre tomar medidas para que as Internet galega non padeza unha fenda lingüística provocada por axentes externos.

Repercusións económicas

As consecuencias da perda de posicións nos resultados de busca (que son a principal orixe de visitas en boa parte das páxinas web de información xeral) son evidentes nos seu tráfico e número de visitas, o que tamén lles fai perder valor a nivel publicitario, pois reducen a súa audiencia e a súa influencia. Deste xeito as webs en galego, que xa teñen máis complicada a súa difusión na Internet, atopan un serio problema para a súa viabilidade, pois reducen os seus ingresos publicitarios pese a que na teoría están moito mellor dirixidos á súa audiencia e a publicidade nas mesmas debería ser máis eficiente (as visitas accidentais son menos frecuentes).

Google Noticias tamén discrimina

Os medios galegos non estamos só maltratados polo buscador de Google, senón que tamén estamos vetados no servizo Google Noticias (http://news.google.es), no que só aparecen os medios en español, aínda que curiosamente publicacións coma Xornal.com e Galiciae.com non teñen tal problema por ter contidos en español e galego (un por publicar indistintamente nas dúas linguas, e o outro por traducir os seus contidos). Curiosamente as devanditas publicacións serían as menos afectadas pola baixada de audiencia que denunciamos neste artigo, dando a impresión de que o peso nos resultados de busca en Google non se define polo corpo dos artigos, senón polo medio no que se publican.

Resulta difícil de entender que en Google Noticias non acepten todas as linguas do Estado, posto que o usuario que realice buscas en español dificilmente vai atopar unha web en galego, mentres que os usuarios galegos vemos como este buscador de novas resulta moi incompleto para achegar contidos sobre a nosa comunidade.



As webs en galego perden posicións a nivel mundial dende o mes de xuño

A INTERNET COMO *TRADUTORA*

A UNIVERSIDADE DE VIGO DÁ A COÑECER O DICIONARIO INGLÉS-GALEGO MÁIS EXHAUSTIVO DA REDE E OUTRAS FERRAMENTAS LINGÜÍSTICO-TECNOLÓXICAS DE USO PRÁCTICO

A Universidade de Vigo comezou o outono apostando polas novas tecnoloxías da información como vehículo para o achegamento de culturas e identidades, ou, máis polo miúdo, como chave para atopar e abrir portas entre linguas.

De feito, non foi casualidade que o Seminario de Lingüística Informática elixira o Día Internacional da Tradución para presentar na Facultade de Filoloxía a segunda edición do CLUVI, o dicionario inglés-galego (sli.uvigo.es/dicionario/) que, desta volta, incorpora un total de 20.000 termos traducidos do inglés ao galego, converténdose desta maneira (en palabras dos propios responsables da obra) na iniciativa do seu eido concreto máis completa do universo web.

Máis en detalle, a actualización do CLUVI, presentada o pasado luns 29 de setembro por Xavier Gómez Guinovart (coordinador do proxecto) e Alberto Álvarez Lugrís (profesor), é catro veces máis grande có resto de dicionarios que hai arestora dispoñible na Internet sobre estas dúas linguas.

Por certo que a obra conta no seu desenvolvemento coa achega da Asociación de Tradutores Galegos (ATG), ForGA, Imaxin, Reverso Servizos Lingüísticos e máis a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGOTI).

"O feito de que tódalas palabras conten cun exemplo real convérteno nun produto moi especial".

Entre as grandes novidades que inclúe esta segunda edición podemos salientar a seguinte: todo o traballo foi desenvolvido a raíz dun corpus de traducións inglés-galego de 10 millóns de termos, incorporándose en consecuencia exemplos de emprego real en cada unha das acepcións incorporadas nas diferentes entradas. "*O feito de que todas as palabras conten cun exemplo real convérteno nun produto moi especial*", manifestou Álvarez Lugrís, permitíndonos esta utilidade facer procuras simples e complexas de verbas illadas ou de secuencias de verbas e esculcar as equivalencias plurilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso en traducións reais e documentadas.

Álvarez Lugrís, acompañando a Gómez Guinovart

Asemade, para esta actualización do volume en liña abriuse (unha vez máis) o camiño a novas verbas de aceptación recente, como é o caso de "*pirata informático*" ou "*Viagra*".

O dicionario, que ten tras de si unha década de exhaustivos traballos de investigación por parte do devandito Seminario, podería estar dispoñible en formato tradicional (libro) antes de que remate o ano, estando só (polo de agora) accesible pola vía de Internet.

Neoteca: ao tanto da novidade

Amais de dar a coñecer o novo CLUVI, a Universidade de Vigo afondou noutros proxectos lingüísticos apoiados en semellantes ferramentas de traballo, as dixitais. É o caso da Neoteca (http://sli.uvigo.es/neoteca) unha iniciativa que, como o seu propio nome indica, constitúe unha escolma de neoloxismos que xa está dispoñible para os investigadores.

Coa Neoteca, incidiron os seus autores, cúmprese unha función dupla: saber que novas palabras están aparecendo na lingua galega e permitir que os dicionarios galegos se actualicen. "*Contén máis de 10.000 exemplos recollidos da prensa diaria galega e estamos en continúo proceso de revisión e, pouco a pouco, estamos a incorporar novos termos*", sinalou o profesor Xosé María Gómez Clemente, responsable deste proxecto.

"*Acuarioloxía*", "*antirretroviral*", "*marbellización*", "*empregador*", "*extrahospitalario*"... son algúns dos temos recollidos na base de datos para 2007, se ben o labor de procura permite consultar rexistros dende o 1997 ata a actualidade.

O proxecto Neoteca, levado a cabo polo grupo TALG (grupo de traballo en Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega), complétase con outra iniciativa en desenvolvemento: Termoteca, un recurso da Universidade de Vigo encamiñado a facilitar o acceso á terminoloxía lingüística especializada de certos eidos laborais, como por exemplo o do Dereito ou o da Informática.

Opentrad: Miles de visitas mensuais

Entre os diversos recursos públicos de tecnoloxía desenvoltos polo Seminario de Lingüística Aplicada, o tradutor automático español-galego Opentrad, é o que conta cun maior éxito no que a visitas e número de usuarios se refire, recibindo miles de visitas mensuais. "*Despois seguiríalle o dicionario, que cada vez recibe máis visitas, seguindo moi de preto ao tradutor*", recalcaba Gómez Guinovart.

Lembrar que OpenTrad é un sistema de tradución automática en código aberto para todas as linguas do Estado e de uso gratuíto para todo o público. Até hai uns meses puidemos botar man da tradución bidireccional entre os pares español-galego e español-catalán e a tradución do par español-éuscaro, sendo posible xa acceder á incorporación do galego-español-portugués.

Opentrad, un traballo de responsabilidade colectiva (que conta dende a nosa terra co traballo do dito Seminario e máis da empresa Imaxin), está deseñado para ser adaptado e configurado segundo as necesidades dos usuarios, permitindo a súa integración con calquera outro sistema.

Na actualidade, Opentrad está a ser utilizado por millares de usuarios para traducir textos, documentos ou Webs mediante a tradución das páxinas ao navegar na Internet. Outros usuarios utilízano para ofrecer as súas páxinas persoais, empresariais, blogs, etc. en galego, español, catalán e éuscaro.

Gómez Clemente e Gómez Guinovart, durante a presentación dos recursos lingüísticos

REPSOL
Inventamos os barcos,
a novena e a imprenta...
Se fomos quen de todo iso
¿Como non imos ser quen
de coidar o corazón do mar?
En Repsol xa empregamos o gas como carburante
nas embarcacións pesqueiras, acadando
un consumo eficiente e respectuoso
co medio natural.
Proxecto Peixe Verde
Inventemos o futuro
Inventa o futuro con nós en repsol.com

eHOSPITAIS Á VISTA

Hai unhas semanas, no transcurso da presentación en Compostela dun informe de Telefónica [www.ticensanidad.ariel.es] sobre a comunicación médica que vai vir, a Consellería de Sanidade e a operadora deron a coñecer os froitos dos seus acordos de colaboración para fortalecer a infraestrutura tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde [SERGAS].

A CONSELLERÍA DE SANIDADE E TELEFÓNICA DAN A COÑECER AS CLAVES DA MEDICINA QUE NOS ESPERA

Esta iniciativa conxunta, máis polo miúdo, abrangue medidas como o equipamento un servizo de comunicacións de nova xeración que integra tecnoloxía IP, transmisión de datos, acceso á Internet e máis telefonía móbil.

Esta rede, que foi presentada perante ducias de profesionais do eido sanitario, administrativo e comunicativo no Hotel Porta do Camiño de Compostela, vén baseada sobre tecnoloxía NGN e a súa finalidade é conectar entre si e co ámbito dixital a 23 hospitais e 575 dependencias. Por certo que estes espazos, se sitúen onde se sitúen, teñen ao seu alcance as capacidades de lonxitude de banda precisas para transmitir todo tipo de datos, mesmo os referentes a unha radiografía ou un historial clínico, "*amais de outros previstos para o futuro*", sinalou Telefónica.

No transcurso do devandito encontro, a conselleira de Sanidade, María Xosé Rubio, tamén deu a coñecer algúns detalles máis específicos sobre os avances do departamento que dirixe en materia de dixitalización, materializados en boa medida no plan Rede de Saúde.

Unha iniciativa, dixo, que interconecta a 34.000 profesionais ligados a 488 centros de saúde e consultorios e a 14 hospitais.

Por certo que esta Rede tamén se está a espallar cara ás farmacias, sendo 1.275 as que se sumaron o mes pasado, amais dos centos sanitarios concertados. A xuízo de María Xosé Rubio, tanto a Rede de Saúde como o sistema sanitario e a sociedade galega teñen un "*inmellorable*" punto de partida cara ao seu desenvolvemento dixital: a existencia da Historia Clínica Electrónica única (IANUS). Este elemento en concreto, do que temos falado nesta revista, constitúe (como o seu nome indica) unha nova versión da nosa vida médica: máis accesible para o persoal de calquera centro (esteamos no que esteamos), máis doada de almacenar, conservar e recuperar, especialmente idónea para estar en contacto directo cos vindeiros avances dixitais na medicina.

Touriño, presentando as vantaxes da receita electrónica

Neste intre, engadiu a conselleira, xa hai máis de 2,6 millóns de galegos e galegas cunha Historia Clínica Dixital aberta e unha media anual de máis de 38 millóns de accesos a estes documentos electrónicos. Asemade, estes historias están xa ao alcance da man de 14.000 profesionais sanitarios.

Algunhas conclusións do informe

O foro celebrado no Hotel Porta do Camiño de Compostela no que se deron a coñecer estes datos sobre o SERGAS e o labor de Telefónica no sistema galego, tamén serviu para acoller a presentación en Galiza do informe As TIC na sanidade do futuro, feito pola consultora Mensor e publicado pola operadora española. Nel, tal e como se puxo de manifesto, danse a coñecer algunhas das vantaxes do dixital no eido da atención médica e os camiños idóneos a seguir no seu proceso de modernización. Estas son algunhas das propostas da investigación:

• Proxecto de hospital dixital. Trátase dun centro que traballa sen papeis, sen placas e sen fíos, encamiñado a transformar a xestión tradicional. Para os autores do estudo, este sería un vieiro a percorrer especialmente rendible, xa que aforra recursos á vez que fai os dispoñibles máis eficaces, empregando de xeito masivo as novas tecnoloxías nun centro hospitalario onde todos as axentes (mesmo as persoas doentes) están conectados entre si. Con isto, sinálase, constitúese unha rede de información e servizos que é quen de multiplicar a capacidade asistencial.

• Dixitalización de imaxes. É un sistema que evita desprazamentos innecesarios, maior interrelación entre o paciente e calquera centro sanitario e un aforro de custos.

• Aplicación das TIC en procesos terapéuticos. Importantes vantaxes da robotización na cirurxía a distancia, operacións de máxima precisión ou endoscopias virtuais.

• O afianzamento das novas tecnoloxías nas emerxencias, sobre todo mediante o acceso a información actualizada e comunicación en liña entre diferentes axentes.

• Telemedicina nos domicilios. Este novo sistema de atención médica, que xa está a poñer dende hai en práctica en determinados hospitais galegos, é unha das claves do futuro da sanidade na nosa terra. Pódense facer seguimentos exhaustivos dos pacientes, exames de glucosa ou osíxeno no sangue.

A e-receita do Sergas permitirá aliviar a conxestión nos centros

A receita electrónica vai ser a curto e medio prazo un dos piares fundamentais nos que se apoie a aposta tecnolóxica da Consellería de Sanidade. Así o fixo saber o pasado venres o propio presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, durante o acto de posta en marcha do Sistema de Dispensación do dito recurso sanitario-dixital, unha ferramenta que, entre outras achegas de interese para os cidadáns, deixaría marxe para incrementar nun 30% o tempo dispoñible para a atención médica directa nos pacientes, co que se contribuiría a aliviar a conxestión na rede sanitaria galega. Asemade, será de especial importancia para os doentes crónicos, sobre todo en cuestións de comodidade e de axilización dos trámites, podéndoselles prescribir tratamentos para un máximo dun ano. A presentación oficial deste servizo, celebrada en Miño, contou tamén coa presenza da conselleira de Sanidade, María José Rubio.

A e-receita, que pasará a incluírse na historia clínica electrónica do Sergas, chegará a 45 concellos antes de que remate o ano, dando servizo a uns 220.000 galegos e galegas. A idea é estender o seu uso en toda Galiza ao longo do ano que vén.

Por certo que a ferramenta non só traerá unha mellora na atención aos cidadáns, senón tamén un traballo máis coordinado entre facultativos e entre estes e os responsables das farmacias, que terán unha oportunidade para optimizar a súa capacidade de xestión e de manexo de stocks. De feito, a e-receita crea reforza ligazóns entre todos os puntos de sistema: tanto os que integran a rede de farmacias como os centos de distribución e saúde como os propios hospitais. Contribuirá pois a crear unha rede de comunicación en si mesma.

Este recurso, que comezou operando en tres dispensarios de Miño, estase a estender agora a Salceda de Caselas. Unha das grandes vantaxes que está a achegar este servizo é sen lugar a dúbidas o devandito de aforro de tempo, esforzos e desprazamentos para os doentes. No caso dos enfermos crónicos con múltiples medicacións, como dixemos, o sistema evitaríalles viaxes continuas aos puntos de atención, achegando dispensacións por un máximo anual que logo o propio médico regula.

Á FIN EN GALEGO

"O galego é un valor, xa non só como piar da nosa identidade, senón tamén como fonte de riqueza no económico". Con estes termos clausurou hai unhas semanas a secretaria xeral de Política Lingüística (Marisol López) o acto oficial de presentación dunha campaña a catro bandas (participan o dito departamento, Ineo, cinco operadoras e outros tantos fabricantes) dirixida a corrixir unha eiva de anos: o baleiro da nosa lingua na meirande parte dos servizos de telefonía móbil (agás honrosas excepcións a dúas mans entre Euskadi e Galiza, e referímonos á aposta de Eroski e Vegalsa por introducir o noso idioma nos seus produtos de telefonía).

POLÍTICA LINGÜÍSTICA E INEO DAN A COÑECER OS DETALLES DA INICIATIVA PARA INTRODUCIR [POR FIN] A NOSA LINGUA NOS MÓBILES

A presentación da iniciativa O teu móbil en galego (www.oteumobilengalego.com) organizada no Hotel Monumento San Francisco de Santiago, complementou o que ben se pode entender como o miolo do encontro: a sinatura do convenio que senta os alicerces do programa, no que participaron Marisol López, Jorge Cebreiros (Ineo) e os representantes das cinco compañías operadoras (Orange, R, Telefónica Móviles, Vodafone e Yoigo) e das cinco fabricantes (Alcatel, Motorola, Nokia, Samsung, Sony Ericsson) que participan nesta aposta polo galego no tecnolóxico.

A idea de Política Lingüística (promotora da iniciativa) non é outra que achegarlles a lingua galega aos usuarios e usuarias de telefonía móbil que queiran empregar o galego no seu trebello. O movemento de ficha das operadoras, que en boa maneira se fixo agardar ao longo destes anos, conta coa asociación empresarial galega Ineo en materia de coordinación e mediación, facendo de ponte entre a Xunta e as compañías de telecomunicacións.

"Trátase de achegarlle a língua galega aos usuarios que o desexan empregar no seu móbil".

Asemade, a entidade con sede en Vigo foi a responsable (entre outras máis cousas) da posta en marcha da web da iniciativa (www.oteumobilengalego.com), un espazo en liña que é a columna vertebral do programa e no que poderemos atopar información polo miúdo sobre dúas cuestións que a partir deste intre (e xa era hora) irán máis parellas: os móbiles e o galego. Amais disto, na web obteremos datos sobre as aplicacións tecnolóxicas na nosa lingua que os fabricantes incorporan aos terminais e tamén sobre os recursos de relación cos usuarios que as operadoras teñen en galego. Precisamente, da web e do que achega á comunidade internauta puidemos falar cun dos participantes máis activos no convenio, Jorge Cebreiros, presidente de Ineo, quen subliñou que a páxina, lonxe de ficar parada ou perpetuarse nun simple cartaz informativo, estará actualizada de xeito permanente e dando conta de todo aquilo que en cuestión de tecnoloxía nos toca de preto aos galegofalantes.

Os responsables da campaña reunidos en Santiago

"É importante que Ineo siga apoiando a incorporación do galego no eido das novas tecnoloxías"

Estas e outras medidas coas que Ineo concorre no programa teñen a súa raizame –segundo apuntou Cebreiros- nun compromiso cada vez máis grande das empresas galegas (e concretamente das que representa Ineo) por apostar pola nosa lingua como vía de comunicación e valor de riqueza cultural e económica. Ao seu xuízo, é importante que Ineo siga apoiando a incorporación do galego no eido das novas tecnoloxías, e así o vai seguir facendo, subliñou. Como vindeiro gran paso a seguir, engadiu, entra dentro dos proxectos máis firmes da entidade a organización no vindeiro mes de novembro dun congreso internacional da Sociedade Información que sitúe a Galiza, aínda que por uns días, no centro da innovación tecnolóxica a nivel europeo. En breve, sinalou, achegaranse máis detalles da iniciativa.

Datos sobre os compromisos asumidos no acordo

Durante o acto de sinatura do convenio deuse conta –entre outras cousas relacionadas co programa O teu móbil en galego- dos compromisos adquiridos no acordo por operadoras e fabricantes. Estes (equipo integrado por Alcatel, Motorola, Nokia, Samsung e Sony Ericcson) asumiron os seguintes retos: implantar de xeito progresivo o galego como opción idiomática nos menús e noutras aplicacións dos terminais móbiles que comercializan en Galiza e, asemade, afianzar tamén de xeito paulatino a nosa lingua nos menús e nas guías rápidas en soporte electrónico que se poidan descargar dese a páxina web creada para este fin.

Polo que respecta ás operadoras, estes foron os seus compromisos:

- Fomentar como un dos requirimentos básicos dos terminais, nos seus pedidos aos fabricantes, que o galego sexa unha opción idiomática dos menús e das aplicacións.
- Realizar campañas dirixidas aos seus usuarios sobre a disposición de terminais en lingua galega.
- Indicar en soportes publicitarios os puntos de distribución dos terminais con opción en lingua galega.
- Ofrecerlles aos seus clientes a posibilidade de renovar ou substituír os vellos teléfonos sen opción de galego por novos aparellos que si a teñan.

Pola súa parte, a Secretaría de Política Lingüística asume o reto de facilitar apoio técnico e terminolóxico ás empresas asinantes, amais de promover axuda institucional a calquera proxecto destas empresas en materia de promoción de lingua e cultura galegas.

COA TIXOLA POLO MANGO

Cada ano, a revista *Business Week*, fai unha enquisa entre os seus lectores para que, segundo a súa opinión, escollan aos 25 personaxes (images.businessweek.com) máis influentes de Internet. Nesta ocasión, a listaxe está encabezada polo director executivo de Microsoft, Steve Ballmer, sen o cal a compañía do xubilado Gates non sería o que é a día de hoxe.

OS LECTORES DE BUSINESS WEEK DAN CONTA DOS QUE PARA ELES SON 25 PERSONAXES MÁIS INFLUENTES DE INTERNET

A este titán dos negocios agárdalle un ano que se podería definir como duro ao ter que levar o negocio da empresa do PC a Internet e restaurar a confianza en Windows dos consumidores que sufriron nas súas carnes o fracaso de Vista e a compra frustrada de Yahoo!. Os seus ingresos mensuais de 1.800 millóns de dólares compensan de xeito máis que suficiente os esforzos que fai por manter á compañía ao pé do canón.

Malia que o seu nome non é moi coñecido, Mitchell Baker, a muller que está á fronte da Fundación Mozilla, conseguiu quitarlle a Internet Explorer un 20 por cento da súa cota de mercado de navegadores en menos de cinco anos, algo que semellaba "*misión imposible*" até para o mesmísimo Bond. Business Week asegura que a súa principal ameaza é agora Google Chrome e os navegadores móbiles, "*o seu principal desafío*".

> "Na listaxe non faltan os creadores do xigante Google: Brin, Page e Schmidt".

Jeff Bezos, é un personaxe que, 14 anos despois de crear Amazon, a compañía que lidera o comercio electrónico mundial, acadou o pasado ano o seu máximo valor en Bolsa. Ocupa o terceiro posto na listaxe e asegura que seguirá "*diversificando e incrementado as súas fontes de ingresos*".

Nunha listaxe que recolle as 25 persoas máis influentes da Rede non podían faltar (como era de agardar) os creadores do xigante Google. Sergey Brin, Larry Page e Eric Schmidt ocupan o cuarto posto en influencia pero de seguro que o primeiro en ter aos seus empregados contentos pois son coñecidas as infraestruturas das que dispoñen no seu entorno de traballo e as envexables condicións nas que se inspiran os 18.000 empregados desta gran compañía.

Jeff Bezos, de Amazon, terceiro na listaxe dos actualmente poderosos

O quinto posto correspóndelle este ano a Jeff Clavier, un investidor pouco coñecido que está considerado un dos máis espelidos detrás da Web 2.0. Din na revista Business que "*o seu bo ollo para as start-ups veñen de levalo a investir no agregador NetVibes, o servizo de finanzas persoais Mint ou a rede de publicidade SocialMedia*". Cinco dos proxectos que financiou este "*crack*" de Internet foron comprados por empresas como Yahoo! e AOL.

A listaxe complétase con outros coñecidos como:

Paul Graham, investidor.

Arianna Huffington, editora do blog colectivo The Huffington Post.

Joi Ito, blogger e ideólogo da Web 2.0.

Steve Jobs, CEO de Apple.

Jonathan Kaplan, creador de Flip Video.

Loic Le Meur, inversor e comunicador.

Jack Ma, fundador de Alibaba Gorup, líder do comercio electrónico en China.

Matt Mullenweg, creador de WordPress.

Rupert Murdoch, magnate de las telecomunicacións e dono de News Corp.

Craig Newmark, fundador de Craiglist.com.

Gabe Rivera, creador de Techmeme.

Kevin Rose, creador de Digg.com.

Sheryl Sandberg, a muller á fronte de Facebook.

Jon Stewart, xornalista e comunicador.

Meter Thiel, inversor.

Maria Thomas, creadora de Etsy.com.

Anssi Vanjoki, vicepresidente de Nokia.

Jimmy Wales, fundador da Wikipedia.

Evan Williams, creador de Blogger.com.

Jerry Yang, co-fundador e CEO de Yahoo!

Dereita: Mitchell Baker, de Mozilla

Esquerda: Steve Ballmer, durante un relatorio visto en Microsoft StartUp Zone

TECNOLOXÍA GALEGA PARA O MÓBIL QUE VÉN

A EMPRESA IGALIA DESEÑA APLICACIÓNS PARA TERMINAIS BASEADAS EN SOFTWARE LIBRE

A galega Igalia (www.igalia.com), empresa de enxeñaría informática con sede na Coruña, está a traballar nun proxecto de investigación orientado á mellora de servizos e aplicacións nos dispositivos móbiles para aqueles usuarios e usuarias que, entre outras cousas, precisen usar o navegador web e as aplicacións multimedia a través deste trebello.

Con este proxecto, que se prevé rematar a finais de 2008, Igalia propón unha solución baseada en software libre para que os dispositivos móbiles conteñan servizos "*cada vez máis completos*" e se desenvolvan produtos de baixo custo "*coa mellor funcionalidade posible*".

Para esta iniciativa, Igalia emprega como base a tecnoloxía Gnome/Maemo, unha plataforma ou conxunto de programas e utilidades para dispositivos móbiles baseados en software libre que tamén usan outras compañías de traxectoria consolidada tales como Nokia, Intel ou Openmoko.

Segundo veñen de afirmar os responsables do proxecto, os resultados "*terán unha aplicabilidade máis ampla*" e poderán reempregarse noutro tipo de dispositivos tales como solucións para escritorios de ordenadores, PDA ou GPS.

Para concretar os seus obxectivos, Igalia centrouse en tres liñas de traballo: a plataforma de desenvolvemento xeral (que inclúe tecnoloxías base para a creación de aplicacións), aplicacións ao usuario e a xestión de calidade nos proxectos. No que se refire á plataforma de desenvolvemento xeral, o traballo baséase na creación e adaptación de bibliotecas reutilizables, é dicir, de anacos de software que poderán ser adaptados e integrados por terceiros no desenvolvemento de diversas aplicacións. Un exemplo son as posibles adaptacións da biblioteca gráfica de Maemo e a creación de novas pezas que permitan a creación de interfaces visuais para os aparellos móbiles.

> "O traballo baséase na creación e adaptación de bibliotecas reutilizables".

O segundo dos obxectivos apuntados por Igalia é o desenvolvemento e adaptación de aplicacións para o usuario axeitadas e pensadas para funcionar nun entorno móbil, como son o navegador, o cliente de correo e as ferramentas multimedia. No caso de navegador web, traballan para incrementar o rendemento dos xa existentes e no tocante ao cliente de correo, a empresa galega está a traballar na mellora do proxecto Tinymail/Modes, que hai dous meses foi incluído na última versión do software oficial dos tablets Nokia.

Os desenvolvedores do proxecto aseguran que "*ten unha importancia especial para Galiza*" xa que, pola súa organización territorial e demográfica require solucións de comunicación baseadas nas redes sen fíos e nos dispositivos móbiles asociados ás mesmas, que "*permiten unha conexión flexible, menos custosa e con novos usos*".

A iniciativa conta co respaldo da Consellaría de Innovación e Industria, que vén de concederlle a Igalia unha axuda de 56.250 euros a través do Programa de Sociedade da Información do Plan Galego de I+D+I 2006-2010 (INCITE).

Vagalume, un software empregado nos tablets de Nokia

No tocante ás aplicacións multimedia, Igalia está a traballar en solucións propias coma o Vagalume, que na actualidade xa é un dos software de terceiros máis usados nos tablets de Nokia. Trátase dunha demostración da creación de interfaces móbiles e da integración aos servizos web.

Asemade, como obxectivo a maiores desta empresa galega, os responsables anotaron a posibilidade de adaptar e propor novas ferramentas de enxeñaría que se engadirán aos resultados finais do proxecto.

Ao igual que nas outras liñas de actuación, o traballo neste ámbito levarase a cabo dende o punto de vista do software libre e dende dentro da comunidade, en cooperación con empresas e grupos de usuarios que teñen as mesmas necesidades.

Sinerxías no sector das TIC en Galiza

Para Igalia, o interese do proxecto radica, asemade, na posibilidade de "*crear sinerxías dentro do ámbito das TIC galegas*" a través da implicación de empresas e expertos na mellora xeral do software libre e da creación dunha rede de cooperación en Galiza para a innovación dentro do ámbito dos dispositivos móbiles.

Alejandro García Castro, investigador principal e co-fundador de Igalia, considera que, con traballos como este, "*ábrense novas vías de negocio para empresas con capacidade tecnolóxica e a posibilidade de exportar o coñecemento galego no sector TIC*".

> "Na actualidade, a solución Vagalume é un dos software de terceiros mías empregados nos tablets de Nokia."

Asemade, García Castro subliña a importancia de que este sector participe en cada paso que dá a tecnoloxía e afirma que "*en Igalia creemos que participar activamente na creación e na innovación da tecnoloxía é necesario para o desenvolvemento dunha industria do coñecemento nas TICs galegas. Isto permitirá ademais que as necesidades galegas sexan tidas en conta nas futuras tecnoloxías que chegarán aos usuarios nos vindeiros anos*".

Ademais dun avance no desenvolvemento de software, o traballo da empresa é, segundo os responsables, un paso adiante para entrar a colaborar na industria do hardware, traendo coñecemento ás empresas galegas do sector. "*En cooperación con empresas deseñadoras e de ensamblaxe que existen na nosa comunidade, poderían fabricarse dispositivos coas características máis axeitadas ao contexto galego, baseadas no software punteiro que se está a desenvolver e co coñecemento aportado por Igalia grazas a este proxecto*", así de rotundo o afirma Juan José Sánchez Penas, co-fundador de Igalia.

MEDIDAS PARA ABARATAR O QUE XA NACEU CARO

DAMOS CONTA DALGÚNS PROXECTOS VINCULADOS AO EMPREGO DAS REDES E DIRIXIDOS E EVITAR, NA MEDIDA DO POSIBLE, QUE O SOLDO DUN MES SE NOS VAIA EN DARLLE DE COMER AO COCHE

Gasofa.es amosa sobre o mapa os prezos do carburante en toda España

Os mashups que empregan os servizos de Google Maps son moi frecuentes, e non só resultan moi atractivos esteticamente e son doados de utilizar, senón que son sumamente prácticos, como é o caso de Gasofa.es, a páxina web que amosa a localización das estacións de servizo de toda España asociada aos prezos dos carburantes que subministran, o que resulta moi práctico á hora de decidir a cal das gasolineiras máis próximas debemos acudir a encher o depósito do noso coche.

Para complementar esta web, tamén hai unha información moi interesante para os condutores, que é a localización dos radares nas estradas. O servizo foi desenvolvido por Nicenova Consulting, a mesma compañía que o pasado outono nos achegaba Quetiempo.es.

Gasmappers.com: servizo para atopar gasóleo e gasolina máis baratos

Oportunismo ou vontade real de botar unha man? Probablemente teñamos que coller pola vía do medio no caso de que queiramos definir Gasmappers.com, un servizo en liña encamiñado a localizarnos os puntos de achega de combustible máis baratos de toda España e Portugal. A web, sexa ou non unha maneira de aproveitarse do feito de que moitos de nós esteamos de vacacións e a piques de comezar unha viaxe, ten o seu aquel: non aforraremos moito empregándoa, porque o gasóleo e a gasolina xa naceron caros, pero se cadra poderemos usar os euros sobrantes en algo máis produtivo. Na web, que está na mesma liña que Gasofa.es (da que xa falamos, precisamente, máis abaixo neste texto), danse a coñecer as estacións onde o combustible é máis barato dunha cifra total de 14.000, ofrecendo a posibilidade de comparar prezos e atopar as ofertas máis idóneas.

O servizo, que está accesible en portugués, español e inglés, semella feito á medida dunha boa parte dos turistas que cada ano, por estas datas, cruzan a Península á busca do seu metro cadrado de area na praia. A páxina foi deseñada por Innovation Point e comezou a súa andaina co pasado período de vacacións de verán de 2008. No seu alicerce atopamos unha vez máis o Google Maps, unha ferramenta especialmente idónea para dar conta da xeografía dun país e dos puntos concretos que andemos a procurar. Neste caso, estacións de servizo. O único que se nos pide é achegar o nome da localidade onde queremos atopar unha gasolineira e logo facer unha selección de area e elixir o tipo de combustible que requirimos. Amais, coma noutros casos, é posible pasar das buscas e facelo todo nós sobre o mapa.

Santiago apostará polo dixital para evitar o gasto innecesario de combustibles

O Concello de Santiago vai apostar polas novas tecnoloxías para contribuír a unha condución máis segura e limpa no eido da cidade, amais de ampliar por esta vía o control sobre as posibles infraccións de tráfico. A iniciativa, que vén de recibir unha subvención do Ministerio de Fomento por valor de 600.000 euros, tería un custe total de 675.645 euros. A idea é sinxela: incorporaranse equipamentos tecnolóxicos para achegar información actualizada da situación nas rúas da cidade, tanto a través da Rede como mediante uns paneis que van estar habilitados nos recantos da urbe onde a circulación é máis crítica. Segundo informou os días pasados El Correo Gallego dando conta de fontes do propio Concello (máis polo miúdo da Concellería de Mobilidade), o proxecto consta en realidade de varios proxectos integrados. Por unha banda, a posta en marcha dunha páxina web, que sería o eixe ou a columna vertebral da iniciativa, amais dun parte actualizado do estado da circulación urbana, achegando deste xeito datos anticipados (no senso de que cada condutor pode ver dende o fogar, pola vía de Internet, o que lle espera na rúa, abríndose a posiblidade de establecer itinerarios alternativos que lle axuden a aforrar combustible). Por certo que os datos da web tamén os poderemos consultar en marcha.

Por outra banda, a iniciativa abrangue o equipamento de cinco grandes paneis encamiñados a cumprir a mesma función cá web, pero de xeito máis inmediato, directo e local. Un dos seus obxectivos principais: dotar de posibilidade de anticipación aos condutores, que terán ao alcance da man a opción de evitar un atasco, achegándose ademais circuítos diferentes.

A maiores, tamén se subministrarán a través destes equipos datos sobre a situación dos aparcamentos. Os primeiros paneis estarán habilitados en Mestre Mateo, rúa do Hórreo, Amor Ruibal, Camiño Francés e Virxe da Cerca. A todo este despregue tecnolóxico hai que engadir un terceiro paso: o da habilitación de radares en espazos estratéxicos da cidade, dirixidos a impedir o exceso de velocidade por parte dos condutores. Estes sistemas completaranse con outros ligados á rede de sinais luminosos, polo que será posible, por exemplo, que se localice e fotografe aos automóbiles que pasen con luz vermella. Polo que respecta aos peóns, cómpre sinalar que tamén haberá tecnoloxía ao seu alcance. Por exemplo: unha serie de cronómetros habilitados nos semáforos que contribúan a evitar que os viandantes fiquen no medio da estrada coa luz en vermello. Do que se trata é de axustar o tempo que se emprega en cruzar unha rúa.

Todos estes sistemas serán controlados por un centro de datos situados nas instalacións da Policía Local, dende onde se subministrará de xeito constante a información á páxina web e á totalidade da rede.

A ONU recoñece a Galiza como referente internacional na promoción do software libre

Así o pon de manifesto o estudo casuístico elaborado pola Universidade das Nacións Unidas, que ven de ser publicado polo Observatorio e Repositorio Europeo de Software Libre (OSOR)

O estudo elaborado expón detalladamente as características desta iniciativa que promove a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información así como a súa evolución histórica dende os seus comezos até a súa recente conversión en Centro de Referencia e Servizos de Software Libre. Entre outras apreciacións, o documento destaca a importancia do papel desenvolvido por Mancomún como elemento dinamizador e catalizador do Software Libre en Galiza. Segundo se expón no texto, "*o goberno galego traballou durante os dous últimos anos para coordinar as diferentes iniciativas que xa existían en Galiza de xeito disperso, ofrecéndolles un punto de encontro e facilitando a colaboración entre eles*".

O informe fai un percorrido pola historia da Mancomún, analizando a súa traxectoria, a través da reseña de distintos convenios asinados, a especificación do de persoal adicado ou do investimento orzamentario destinado ao mesmo. Todo isto para lograr múltiples obxectivos, entre os que o destacan, en opinión dos autores do estudo, a implicación decidida da administración galega no fomento do Software Libre con políticas de subvencións claramente partidarias cara ás tecnoloxías abertas, a localización ao galego de numerosas aplicacións básicas para o uso da PEME así como para o uso doméstico, ou o creación e mantemento dun repositorio propio de Software Libre en Galiza (A Forxa). Os expertos destacan o feito de que Mancomún estea entrando "*nunha nova etapa da súa existencia, ao pasar de ser un portal de contidos a converterse nun centro de referencia en tecnoloxías de código aberto en Galiza*". Para este novo período, o informe fala do establecemento de dous grandes propósitos. Por unha banda, a creación dun metapaquete, que permitirá a instalación de xeito rápido e sinxelo de todo un escritorio de oficina en galego e con Software Libre. E por outro lado, a promoción do uso das aplicacións libres entre a PEME galega.

Este estudo casuístico, realizado por un grupo de investigadores do centro tecnolóxico UNU-MERIT en Maastrich (Holanda), pon de relevo o interese que está a espertar o traballo realizado dende o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza (Mancomún) como unha iniciativa de éxito. Non só en Galiza e en España senón tamén, como se deixa constancia no propio informe, "*no resto de Europa, Brasil e outras rexións de Latinoamérica*".

Mancomún coa PEME galega

O estudo adica tamén un extenso apartado a expoñer a realidade socio-económica galega con especial fincapé no fenómeno da PEME. "*Ao igual que sucede en moitas outras rexións europeas, o índice de pequenas e medianas empresas na economía galega ronda o 95%*" , expoñen os expertos. Ao seu entender, o uso de Software Libre e a aplicación de políticas europeas favorables á implantación de estándares abertos é a única forma viable para acadar o despegue do tecido empresarial galego e o seu desenvolvemento sustentable. E eloxian, neste aspecto, a aposta decidida de Mancomún por introducir o Software Libre entre a PEME galega.Nesta liña, o informe fai mención a axuda prestada por Mancomún para a creación de Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol), así como outras iniciativas de gran repercusión como, por exemplo, a creación do DVD "Ferramentas informáticas para a PEME".

Unha aposta do goberno pola interoperabilidade administrativa

Os investigadores europeos inciden no carácter gobernamental de Mancomún, por consideralo algo pouco común en Europa. Segundo explican, esta iniciativa atopa a súa xustificación na aposta decidida da Consellaría de Innovación e Industria pola interoperabilidade administrativa, a cal debe ser sustentada en estándares abertos e plataformas tecnolóxicas de código libre.

> "*Os investigadores europeos inciden no carácter gobernamental de Mancomún, algo pouco común en Europa*".

Baixo esta mesma idea, o informe alude tamén ao Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI), iniciativas como a Rede de Dinamización da Sociedade da Información ou participación galega no desenvolvemento do Marco de Interoperabilidade Europea (EIF).

"O noso modelo ten éxito porque pode ser copiado e reutilizado noutras latitudes"

Falamos de software libre e propostas galegas exportables con Helena Veiguela, directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

Helena Veiguela Martínez é licenciada en Ciencias Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en Estatística e Investigación Operativa pola Universidade Complutense de Madrid. É a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información e é membro do goberno galego que, polo de agora, máis ten impulsado o uso e desenvolvemento do software libre en Galiza. Tras máis de tres anos de actividade institucional, publicamos hoxe esta entrevista que nos concedeu mentres preparábamos a nosa participación na Conferencia Internacional de Software Libre.

-É vostede a responsábel dun departamento da Xunta cun nome moi longo e moi complicado: Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, dentro da Consellaría de Innovación e Industria. Podería explicarnos de qué se encarga o seu departamento e como encaixa o software libre na súa área?

-Si, o nome é longo e os ámbitos de traballo moi extensos. Trátase dunha Dirección Xeral responsábel de exercer e desenvolver as competencias que a Consellaría de Innovación e Industria ten atribuídas en materia TIC, Sociedade da Información, impulso á internacionalización das empresas e a promoción dos diferentes sectores industriais. O Software Libre encaixa en tres ámbitos: Sociedade da Información en xeral, sector TIC e promoción industrial.

-Precisamente ese encaixe do software libre dentro do sector TIC e da promoción industrial é o aspecto máis innovador no compromiso da Xunta a respeito doutros gobernos que tamén apostan polo software libre. O seu departamento quere aproveitar as vantaxes do software libre pra mellorar a competitividade dos sectores produtivos galegos. Podería explicarnos cómo pode axudar o software libre a mellorar a economía nestes tempos de crise, en especial no sector TIC?

-O sector TIC galego ten grandes oportunidades de se situar como desenvolvedor e provedor de servizos. Ten empresas que deben medrar e afianzarse e ten capital humano que se forma un ano tras outro nas súas universidades que pode e debe ser aproveitado para facer deste sector emerxente un sector consolidado, ben dimensionado canto ao tamaño das súas empresas e competitivo. Mais é preciso, para que o sector sexa tal, que conte con recursos e produtos tecnoloxicamente independentes. Trátase de desenvolver tecnoloxía e non de facer única e exclusivamente de sector de instalación e mantemento do que outros desenvolven e, aínda isto, en condicións de total indefensión para resolver problemas por non ter acceso aos códigos fonte dos diferentes produtos.

Para que Galiza conte con un sector TIC de seu, debe conseguir a independencia tecnolóxica da maior parte dos servizos e solucións que desenvolva e implante. E isto é máis importante, vai máis alá que estabelecer liñas de negocio con base no cobro de licenzas ou no cobro polos servizos de implantación e mantemento. E isto só se consegue no marco do emprego do software libre.

Por outra banda, o software libre e en xeral o software de código aberto, é a tecnoloxía apropiada para facer chegar a toda a poboación os beneficios da Sociedade da Información. Troca o custo de licenza polo custo de atención e servizo, é interoperábel xa que emprega estándares abertos e polo tanto idóneo para implantar servizos de administración electrónica e comercio electrónico. A Unión Europea xa está dando pasos decididos neste sentido.

Pero a aposta pola programación aberta vai alén da súa oportunidade tanto a nivel económico como industrial, esta aposta ten repercusións sociais importantes: Podemos dispor de todos os nosos produtos no noso idioma xa desde a súa primeira versión e, ademais, practicamos e espallamos o uso e o gosto polo traballo corporativo. Hoxe por hoxe, a metodoloxía de traballo usada polos desenvolvedores de software libre é un estupendo modelo de como se xera coñecemento e como se comparte, valor que vai moito máis alá de indicadores económicos. Por todas estas razóns, expostas de maneira sintética, o PEGSI (Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información) fai unha aposta decidida polo impulso ao código aberto.

-Aproveitando que mencionou o PEGSI, qué aspectos deste plan destacaría máis?

-O PEGSI foi o primeiro plano estratéxico do estado español, e un dos primeiros de Europa en incorporar un compromiso serio amparado en criterios de sustentabilidade tecnolóxica, cos estándares abertos e o software libre e iso hai que destacalo. Tamén habería que salientar que o PEGSI define a estratexia en Sociedade da Información de todo o Goberno galego, non só da Consellaría de Innovación e Industria senón de todo o goberno, pois foi aprobado polo Consello da Xunta e despois refrendado polo noso Parlamento, así que se trata do plano estratéxico de toda a Xunta. Pero tamén quero destacar algo moi importante, que ás veces se nos esquece cando facemos balance. No ano 2005, cando chegamos ao goberno, non había ningún tipo de planificación a respecto da Sociedade da Información, xa non digo unicamente sobre software libre, senón sobre os diferentes aspectos das TIC, de políticas de inclusión dixital e sustentabilidade tecnolóxica, aplicación das TIC polo tecido empresarial... nada. Nin planos directores nin estratéxicos. O PEGSI é a primeira planificación tecnolóxica da historia de Galiza. Tamén é importante salientar que na súa elaboración interviñeron todos os axentes involucrados como as empresas, o tecido asociativo, os expertos e responsábeis políticos ademais das universidades. Os resultados iranse pondo de manifesto nos vindeiros anos pero, o máis importante é que os alicerces están construídos.

.-Vostede di que o PEGSI é a estratexia de todo o Goberno galego, pero nas redes sociais coméntase moito que o compromiso co software libre depende da Consellaría da que falemos.

-É lóxico que desde as redes sociais se bote de menos unha aposta máis decidida noutros ámbitos do Goberno galego, porque é así. Pero tamén é certo que hai máis consellarías que a de Innovación Industria que están a levar adiante importantes avances neste aspecto, por exemplo a Consellaría de Educación. Pola súa banda, a Vicepresidencia apostou polo software libre con ferramentas como Cyclos e a Consellaría de Cultura que está a implantar o software libre nas bibliotecas do noso país ou tamén casos como AINFOVAC para a xestión das explotacións gandeiras. E para rematar, unha grande maioría dos desenvolvementos á medida que se contratan hoxe en día na Xunta especifícanse para entornos abertos.

-E no caso da Consellaría de Innovación e Industria en qué se concreta ese compromiso?

-Nós estamos igual de obrigados que o resto dos departamentos da Xunta para aplicar as políticas tecnolóxicas definidas no PEGSI, e polo tanto temos o compromiso de apostar polo software libre e polos estándares abertos. No noso caso non agardamos a ter aprobado o PEGSI, pois xa dentro do primeiro ano puxemos en marcha Mancomún como iniciativa para centralizar as actuacións que requiren a interacción coas distintas comunidades de software libre. Actualmente Mancomún está a consolidarse como Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza e con seguridade é o máis visíbel da nosa actividade, pero hai tamén outras iniciativas igualmente importantes. Mais alá desa actividade de reforzamento da comunidade galega do software libre tamén intervimos promovendo a consolidación dun tecido TIC galego forte e dinámico, priorizando e primando o seu uso no acceso ás subvencións, esixindo liberar o código fonte nos contratos coa administración pública ou requirindo o seu uso nas axudas de autónomos como acabamos de facer recentemente. Neste ámbito das empresas temos que salientar o convenio que vimos de asinar con AGASOL, co que imos poder investir máis 20.000 euros en dinamizar o software libre no eido das TIC; a mesma cantidade por certo coa que imos promover a súa difusión a través das asociacións de software libre, máis de 75.000 euros no seu conxunto. E tamén é necesario mencionar o impacto da Rede de Dinamización da Sociedade da Información, que a través dos seus máis de oitenta centros repartidos por todo o país está a amosar as potencialidades do software libre para reducir a fenda dixital. A nosa plataforma de hardware, hospedada no Centro de Supercomputación de Galiza, CESGA, está funcionando ao 100% con software libre, e estamos a falar dunha infraestrutura de máis de 630.000 euros, e igualmente empregamos software libre para os grandes proxectos de software, que no caso dos portais web se basean en Typo3 e outras tecnoloxías libres. Como se pode constatar, o compromiso desta Consellaría, que se articula principalmente a través da miña Dirección Xeral, vai algo máis alá que simples declaracións de intencións.

O software libre é un eixo transversal do PEGSI, a primeira planificación tecnolóxica da historia de Galiza

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

-Referíase vostede á evolución de Mancomún, que se consolida como o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza. En Mancomún participan axentes de natureza tan diversa como poidan ser as asociacións de software libre, as empresas, as tres universidades galegas e institucións como o propio Centro de Supercomputación de Galiza ou a Fundación Calidade, que acaba de incorporarse. Cara a onde se dirixe o Centro de Referencia?

-A dirección do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza está ben definida no seu documento estratéxico, onde se define a súa visión, a súa misión e os seus obxectivos, ademais dun conxunto de actuacións agrupadas en sete áreas moi concretas e que son localización de software ao galego, desenvolvemento de novas aplicacións,implantación do software libre, formación, observación, soporte e difusión. Esta proxección estratéxica orienta de forma clara a traxectoria de Mancomún até o ano 2010, de xeito que entra dentro das nosas previsións continuar dando soporte a este proxecto na próxima lexislatura. Mancomún está involucrado en proxectos de alcance estratéxico.

-En canto a eses proxectos, hai algún que destaque por algunha razón?

-Todos os proxectos nos que está involucrado Mancomún teñen a súa importancia e cada un deles cumpre a súa función; todo o traballo relacionado coa localización de software por exemplo, ou o de difusión do software libre tanto cos GULs como coas empresas, a igual que esa importante tarefa de consolidar as pontes coas comunidades de programación aberta da lusofonía polo potencial que representa unha comunidade de trescentos millóns de falantes dunha lingua tan próxima á nosa. Mais destacarei dúas cousas unha de tipo técnico-estratéxico e outra de tipo social: o lanzamento de Galinux, un sistema operativo completo en galego e o establecemento de sinerxías coa Rede de Dinamización da Sociedade da Información, onde agardamos contar coa iniciativa das asociacións de software libre.

Fortalecemos a comunidade do software libre para que sexa ela a que produza o software preciso

-Entón o sistema operativo galego xa ten nome: Galinux. Trátase dunha nova distribución como fixeron noutras Comunidades Autónomas? E por qué se agardou até agora para presentar este proxecto?

-Pois non, non se trata dunha nova distribución e esta foi unha das principais conclusións ás que chegamos no proceso de interlocución que durante estes anos mantivemos con distintos axentes da comunidade galega do software libre, en especial coas asociacións de software libre e coas empresas. Todo o contrario: apostamos por fortalecer a comunidade do software libre para que sexa ela a que produza o software preciso, de xeito que despois calquera poida integralo segundo as súas propias necesidades. Ese foi o motivo polo que decidimos agardar: porque decidimos delegar as decisións sobre este asunto de acordo coa comunidade mentres conseguíamos traducir o software básico necesario; ademais, non tiña moito sentido facer unha distribución nova cando había tantas e tan boas para escoller. Despois de tres anos de investigación do sistema de produción do software en distintas comunidades e tamén de desenvolvemento propio, fomos quen de producir unha innovación que agora queremos achegar á comunidade do software libre internacional dende Galiza. Non abonda con usar o software libre pra cubrir as propias necesidades; tamén hai que contribuír á comunidade e iso é o que estamos facendo desde a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información. Se alguén está interesado nos detalles máis técnicos pode dirixirse ao Centro de Referencia ou ben preguntar na comunidade galega do software libre polo "codename" desta innovación galega: AraOS.

-Nos últimos meses o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre foi o protagonista de distintos recoñecementos dende distintas instancias internacionais como a Unión Europea ou a propria ONU e foi convidado como un dos poucos patrocinadores oficiais do Software Freedom Day xunto con Google ou Sun Microsystems. Todos estes recoñecementos coinciden en sinalar a Mancomún como referente internacional para a promoción do software libre dende as institucións públicas. Cómo valora vostede estes recoñecementos, e a qué atribúe este éxito?

-Pois a verdade é que son de agradecer todos eses recoñecementos, pois demostran que a nosa estratexia era acertada e serve para resolver os nosos proprios problemas e adaptar o software libre ás nosas necesidades, pero tamén que o noso xeito de facer as cousas é un modelo que pode ser aplicado tamén noutras latitudes, copiado e reutilizado. Demostra que estamos a facer as cousas de acordo co espírito e coa ética características do software libre e que o facemos ademais sobre unha das principais características da cultura nacional galega e que xa a Xeración Nós enunciara, con Castelao á cabeza, baixo o principio de "Galiza, célula de universalidade". Sirvan estes recoñecementos internacionais para medrar en autoestima como país e como galegas e galegos no mundo con moitas cousas que achegar.

Industria e Agasol, xuntas contra a crise

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información destina 20.000 euros para promover o software libre entre o empresariado galego

Para os usuarios e deseñadores de software libre, a informática aberta é unha boa opción tanto en tempos de bonanza como en tempos de crise. Porén, á luz dun intre concreto de recesión económica coma este no que vivimos, a cuestión do open source adquire unha dimensión nova, semellante ao interese que espertaría no deporte un xogador que salva unha tempada sen figurar previamente entre as estrelas mellor pagadas. Leas aparte, no convenio asinado entre a Dirección Xeral de Promoción Industrial e Agasol (Asociación de Empresas Galegas de Software Libre) hai moito de procura de solucións para a caída nos ingresos dunha parte das empresas galegas, e pola vía de recursos que non escintilan entre grandes investimentos corporativos.

Ou sexa, polo vía das ferramentas de software libre para a xestión e a produción.

Así o fixeron saber as partes asinantes, nun encontro celebrado na sede que a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia ten en Compostela. Máis polo miúdo, a natureza do acordo é a seguinte: realizar de maneira conxunta actuacións que contribúan ao deseño e difusión das ferramentas abertas entre o tecido empresarial galego. Neste senso, e para ir collendo corpo, a iniciativa (que conta co centro Mancomún en labores de promoción e mediación) ten prevista unha serie de encontros polas principais cidades galegas cos responsables das nosas empresas, co fin de darlles a coñecer as moitas vantaxes dun tipo de software, feito e implantado en boa medida dende a nosa terra, que reduce con moito os gastos de calquera firma en materia de adaptación aos tempos dixitais. O convenio, que inclúe unha partida orzamentaria de 20.000 euros, comezará a dar os seus froitos a partir da segunda semana de outubro, cunha primeira xuntanza de tipo corporativo a celebrar na Coruña.

O que achega cada parte

Segundo se recolle nas bases do pacto, Agasol concorrerá na iniciativa achegándolles ás empresas información de primeira man sobre os beneficios xerais e específicos do open source. A idea é comezar o labor de promoción organizando presentacións e actos de distribución de material informático e divulgativo, dando conta en todo intre de casos concretos de éxito no que se refire á integración de software libre no tecido económico galego. Para Javier Vázquez, presidente de Agasol, as vantaxes deste tipo de programas, tanto para estes tempos como para os de maior riqueza, son evidentes: *"A programación aberta permite facer máis con menos"*.

Ao seu xuízo, son máis eficaces e permiten maior marxe de rendibilidade e adaptación, aparte de que precisan menores investimentos, sobre todo no eido do pago de licenzas. Por certo que a tarefa de Agasol, amais de introducir ás empresas nos segredos do software libre, tamén vai consistir en favorecer a súa implantación e en achegar asesoramento.

A Dirección Xeral, que asume este novo paso como un afianzamento da súa aposta polo software libre e o desenvolvemento do PEGSI (Plano Estratéxico Galego na Sociedade da Información), colaborará en materia de difusión e apoio, mantendo abertas as canles cos grupos de usuarios e desenvolvedores de software libre (GGUL), entendéndose esta acción en concreto con Agasol como un complemento á colaboración xeral cos GGULs.

Por certo que o acto de sinatura celebrado en Santiago tamén contou coa presenza do coordinador do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre, Xesús M. Benítez Baleato, e máis do xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, Xosé Lois Villasante. Este acordo, sinalaron os presentes, é un paso complementario ao encontro celebrado o 19 de setembro, data na que se asinou o convenio de colaboración cos ditos GGUL, e en virtude do cal once asociacións se beneficiarán dunha achega de 5.000 euros –respectivamente- para a promoción da informática aberta. "*Deste xeito*", informou a directora xeral, "*son xa 75.000 euros a cantidade que a Consellería de Innovación a través deste departamento destinará á divulgación das tecnoloxías e os estándares abertos en Galiza*".

Asociación Galega de Empresas de Software Libre (Agasol)

Agasol é unha iniciativa Agasol de empresas galegas de software libre que se agrupan nunha asociación para intentar acadar maiores oportunidades de negocio, exercer como interlocutores ante a Administración galega para apoiala e asesorala nos procesos de migración e implantación de programas abertos, ao tempo que tenta promover un modelo de sociedade do coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos. Actualmente agrúpanse baixo este colectivo un total de 27 empresas galegas.

A asociación xorde en setembro do ano 2007, nun momento de efervescencia no que moitas empresas galegas de pequeno e mediano tamaño comezan a traballar con software libre. O seu propósito é contribuír ao seu medre e consolidación nun ámbito no que a Xunta de Galicia asume que é "*irrenunciable a adopción por parte das administracións públicas de sistemas informáticos baseados en estándares abertos*".

Na imaxe, de esquerda a dereita: Xosé Lois Villasante, Helena Veiguela, Javier Vázquez e Xesús M. Benítez Baleato

As oficinas de software libre dos campus, en marcha

Industria colabora coas tres universidades galegas na implantación da programación aberta

En materia de promoción e afianzamento da programación aberta na nosa terra, cómpre sen dúbida salientar os acordos asinados recentemente pola Consellería de Innovación e Industria e as tres Universidades galegas. Grazas a estes convenios, o departamento dirixo polo nacionalista Fernando Habier Blanco achega 465.012 euros para o desenvolvemento de distintos actos formativos así como de implantación do software libre. Neste achegamento, entre outras accións, inclúese a posta en marcha e consolidación de oficinas de software libre universitarias. Para tales efectos, dende o departamento autonómico reservouse unha partida orzamentaria de 240.000 euros, que se reparten en 80.000 euros para cada unha das tres universidades durante o bienio 2008-2009

Polo presente convenio estanse a realizar xa as actuacións destinadas á creación e consolidación das oficinas de software libre nas tres universidades e coas seguintes características: que conten cun coordinador a tempo completo responsable da coordinación con outras oficinas de software libre universitarias e o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza da Consellaría (Mancomún); contar cun coordinador e un equipo de apoio; a creación dun espazo web específico da oficina de software libre universitaria onde se recolla os seus obxectivos, estrutura, contacto e principais actividades; o compromiso de presentar nos dous primeiros meses de vixencia deste convenio un plano anual de actuación da oficina correspondente ao 2008 e 2009; e a proposición de novas iniciativas para o desenvolvemento do software libre no ámbito das súas institucións.

Asemade, tamén se fixa o marco de coordinación e colaboración co Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia (Mancomún) mediante a creación dunha comisión de coordinación técnica das actividades desenvolvidas polas tres oficinas universitarias de software libre e o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza da Consellaría. As oficinas tamén están a incorporar contidos á web de mancomun.org e colaboraran na difusión das actividades e información da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Accións formativas en Compostela

Por outra banda, a Consellaría de Innovación e Industria asinou varios convenio coa Universidade de Santiago de Compostela. Un deles establece as condicións de colaboración para a organización da VII edición do curso de Posgrao Economía e Xestión da Innovación, no que se invisten 45.000 euros para levar a cabo esta actividade na que se contribuirá ao fortalecemento das capacidades do sistema de innovación mediante a formación de especialistas na xestión e da investigación e innovación.

Outro dos convenios asinados establece as bases para o desenvolvemento do III Máster en Xestión e Dirección de Empresas de Deseño e Moda, durante o presente ano 2008, cun orzamento total de 70.000 euros. Este máster afonda no coñecemento de todos os aspectos relacionadas coa industria da moda, dende a xestión estratéxica das empresas ata os aspectos culturais que definen o sector. Por último, asinouse tamén o convenio mediante o cal se levará a cabo a cooperación necesaria para desenvolver a XVII edición do Máster de Dirección e Xestión do Comercio Exterior, cun orzamento final de 86.000 euros para formar especialistas en Comercio Exterior, que posibiliten un maior desenvolvemento económico de Galiza, a través da internacionalización e proxección comercial das súas empresas no exterior.

A USC abre a súa sede código aberto

A Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellaría de Innovación, vén de inaugurar a Oficina de Software Libre da USC (www.usc.es/osl), unha das tres oficinas que existirán nas universidades galegas como resultado do convenio asinado no pasado mes de maio. Ao longo deste ano académico, e con vontade de continuidade, a oficina desenvolverá tarefas de formación, asesoramento e implantación da práctica da programación aberta na universidade: conferencias, xornadas, unha análise do estado do software nos propios campus da USC, guías de boas prácticas e de uso de estándares de comunicación abertos e libres serán algunhas das actividades levadas a cabo. A apertura deste servizo para a comunidade universitaria compostelá afonda nos compromisos da administración galega co software libre, xa materializados en anos anteriores en proxectos de tradución, colaboracións con asociacións de usuarios ou a creación do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, Mancomún.Para a Universidade, este movemento representa un paso na dirección dunha maior autonomía dos provedores tradicionais de software, así como a adopción dunhas tecnoloxías máis abertas, accesibles e estandarizadas. Para profesores, investigadores, persoal administrativo e alumnos significará a posibilidade de ter software traducido ao seu idioma, adaptado ás súas necesidades e que, como valor engadido, poderán levar canda si e empregar noutros ámbitos persoais ou profesionais.

UNIVERSIDADE DE VIGO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A UDC, a prol do open source

A Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña conta xa coas súas instalacións no primeiro piso (a man dereita) do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación (CITIC) no Campus de Elviña. O seu obxectivo fundamental é difundir e promover o emprego de programas de código aberto entre a comunidade universitaria e sociedade en xeral. Asemade e de deixo máis pormenorizado, cómpre sinalar que a Oficina (softwarelibre.udc.es) terá tamén estoutros obxectivos: promover a agregación e coordinación de esforzos entre as universidades, institucións e empresas, amais de levar a cabo o seguimento e desenvolvemento do Plan Estratéxico do Software Libre na UDC no eido da comunidade universitaria.

HAC LUCE
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Á lusofonía pola vía da informática aberta

O Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza retransmitiu o gran evento lusófono do software libre: BrOffice.org

O software libre xorde directamente da colaboración. En certa maneira, traballar dende este eido en concreto da informática é un pouco como darse, polo que de aí a concibilo como unha rede de pontes de libre acceso non habería máis que un paso. Esta idea é precisamente o alicerce da iniciativa que se desenvolveu o pasado venres 3 de outubro: a nova convocatoria do BrOffice.org 2008 (encontro.broffice.org/2008/gl), encontro internacional sobre programación libre no que participa arreo a comunidade galega de usuarios e deseñadores.

A xuntanza, con sede en Brasil, ten o obxectivo principal de afianzar as ligazóns entre os internautas que empregan o desenvolven estas ferramentas a nivel mundial e, sobre todo, entre os que forman parte da lusofonía. De aí a participación de Brasil a través de 27 cidades (pola vía da vídeo-conferencia), de Paraguai, de Portugal e de Galiza. A achega galega veu da man do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza (Mancomún) da Consellaría de Innovación e Industria en colaboración co CSIC.. Ambas entidades encargáronse de retransmitir a xuntanza por enteiro a través da dita tecnoloxía, xuntanza na que, por certo, participaron arreo até un total de 2.500 persoas procedentes do eido internacional da programación aberta.

O evento, que non puído ser ofrecido na súa totalidade por mor das diferenzas horarias con Brasil, deu comezo en Santiago sobre as 14.30 horas e desenvolveuse até as 20.00, coincidindo co descanso previsto polos responsables do congreso en Brasil.

Sinalar que o BrOffice.org é un encontro que conta cada ano coa presenza dalgúns dos especialistas máis salientables en materia de redes e programas abertos do eido internacional, todos eles ligados á seguinte arela: ampliar as súas fileiras. Nesta terceira edición, informa Mancomún, contouse (entre outras) coa concorrencia do responsable do proxecto OpenOffice.org, Louis Suares-Potts, ou o do propio proxecto BrOffice.org (o paquete libre de ferramentas ofimáticas desenvolvidas pola comunidade brasileira), Claudio F. Filho. O evento foi transmitido por vídeo-conferencia nun total de 27 cidades en Brasil, ademais de puntos en Portugal, Paraguai e Galiza.

Intervención de Roberto Brenlla

Roberto Brenlla, convidado pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, pechou a retransmisión dende Galiza cunha breve intervención na que valorou a situación actual do software libre na nosa comunidade e na que incidiu no compromiso da Administración galega na súa aposta polas tecnoloxías libres e abertas. Segundo explicou Brenlla (economista e fundador de AGNIX), "*atopámonos a nivel do usuario final, nun estadio aínda moi inicial*". Non obstante, recalcou, que grazas ao esforzo de promoción desenvolvido pola propia comunidade, as empresas e o Goberno galego estanse a acadar

grandes resultados en moi pouco tempo. Asemade, Brenlla conseguiu arrincar o aplauso de todas as persoas que estaban a seguir o acto ante unha cuestión na que lle instaban a opinar sobre os vieiros que debía seguir o software libre para facer fronte a Microsoft. Ao que respondeu "*non o sei nin me importa, é Microsoft o que debe adaptarse, non o software libre*".

BrOffice.org

O proxecto do BrOffice.org xurdiu no ano 2001, cando a comunidade brasileira de Software Libre iniciou o contacto cos desenvolvedores de OpenOffice.org para iniciar os traballos voluntarios de tradución ao portugués desta suite ofimática. Neses comezos a iniciativa recibiu o nome de OpenOffice.org.br, o cal derivou posteriormente no proxecto independente que é hoxe en día. Segundo explicou o responsable do BrOffice.org, Claudio F. Filho, nunha entrevista publicada recentemente nun portal suramericano a iniciativa para a localización deste paquete ofimático baseouse tanto en cuestións socioeconómicas como de carácter tecnolóxico. *"Unha copia de Microsoft Office custa o equivalente a dúas toneladas de soia ou sete toneladas de laranxas, aproximadamente. Non obstante, estes produtos xeran empregos que alimentan familias enteiras"*, alega Filho. O encontro do BrOffice.org busca compartir a experiencia brasileira co resto da comunidade internacional co fin de acadar melloras que repercutan no usuario Final tanto en Brasil como no resto do mundo.

OpenOffice.org en galego

O Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, Mancomún, leva achegando, dende o ano 2006, á sociedade galega a versión no noso idioma do paquete ofimático libre OpenOffice.org. Esta ferramenta realiza funcións semellantes aos do popular Microsoft Office, coa vantaxe de que OpenOffice.org é gratuíto e de código aberto, o que permite a súa modificación para beneficio do usuario. Dende que a localización foi asumida por Mancomún foron moitas as melloras incorporadas ao proxecto para toda a sociedade galega. Entre elas o desenvolvemento dun corrector ortográfico en galego ou o do Golfiño, sendo o primeiro corrector gramatical para OpenOffice.org deseñado no estado español. O paquete libre está dispoñible para computadores con Linux, Windows e MacOS. As distintas versións poden descargarse gratuitamente no portal de Mancomún.

Roberto Brenlla pechou dende Compostela o seguimento do encontro

mancomún
Centro de Referencia e Servizos de Software Libre

A tradución do software ao galego

En Galiza, a comunidade tradutora ao galego de software libre traballa acotío de xeito voluntario e anónimo para a difusión da nosa cultura dende hai máis de dez anos

Linux, OpenOffice.org, Firefox... Falar de software libre e en galego xa non está só vedado aos xenios da informática. O fenómeno da programación libre irrompe cada vez con máis forza en todos os ámbitos -profesionais, educativos, domésticos- e cada vez son máis as empresas e colectivos que albiscan nesta filosofía unha nova fronte para a defensa das culturas minorizadas. A comunidade de persoas que traducen os nosos programas ao galego medra cada ano. Son persoas dedicadas a eidos tan diversos como a informática, o ensino ou a lingüística e sobre todo persoas que non teñen medo de achegarse ao mundo da informática para axudar a que o noso idioma estea vivo tamén neste ámbito. Proveñen de lugares dispersos e ás veces non se coñecen entre si, mais comparten a filosofía de que o software libre é o xeito apropiado para promover o uso da propia lingua na Sociedade da Información e do Coñecemento. Traballan no que se denomina a localización de software, ou o que vén sendo o mesmo: a adaptación de programas informáticos á lingua e ás necesidades específicas do noso país.

"*Non existe unha soa motivación para localizar software, trátase de ter amor ao galego, de poder traballar na lingua propia do lugar onde vivo e de recuperar o léxico esquecido*", asegura Damufo, un dos membros da comunidade tradutora de Galiza e coordinador da tradución do CMS Joomla. "*Existe un forte abandono da xente moza cara á lingua dos país, avós... e é moi triste*", aseguran. Por iso animan a que a xente se implique máis na tradución de software en Galiza.

O software libre non só fai posíbel traballar na lingua propia senón facelo con todas as garantías de seguir facéndoo no futuro. No ámbito do software privativo, e dado o seu modelo pechado, todas as traducións son illadas e dificilmente reutilizábeis. A localización de aplicacións informáticas depende, nestes casos, exclusivamente dos fabricantes de software que determinan, baixo criterios comerciais, se existirá ou non a tradución dos seus programas a determinada lingua minorizada. Pola contra, no mundo do software libre estas linguas desenvólvense con grande éxito. Proxectos de código aberto, empregados en todo o mundo, dispoñen de traducións completas ou parciais. A filosofía das tecnoloxías abertas non precisa de xustificacións de viabilidade económica. Só hai que traducir ou mellorar as traducións existentes e aí radica o traballo colaborativo de tradución.

Traducir aplicacións informáticas pode parecer complexo, pero é algo ao alcance de practicamente todo o mundo. Hoxe en día existen diferentes ferramentas de tradución en liña como pode ser o Entrans de Mancomún, o Pootle, o GTranslator ou o sistema de traducións de Ubuntu: Rosetta. Estes sistemas desenvolvéronse recentemente cunha orientación moi clara: facilitar a participación de novas persoas no proceso de tradución.

> O software libre representa unha oportunidade para a supervivencia das linguas minorizadas na Sociedade da Información e do Coñecemento.

Un bo exemplo da simplificación destes programas foi a tradución do programa OpenOffice.org ao galego, o principal paquete ofimático de código aberto. Na última edición do Xuventude Galiza NET, Mancomún participou dinamizando as actividades de software libre no evento en colaboración cos Grupos de Utentes de Linux de Galiza. Unha destas actividades consistiu nun reto: o de traducir, de forma colaborativa e voluntaria e sen coñecementos técnicos profundos, a interface gráfica completa do OpenOffice.org, a principal aplicación libre para a informática de oficina. A resposta do público foi sorprendente, e en menos de 24 horas concluíuse a tradución íntegra da nova versión 3. Grazas a este traballo voluntario o galego será un dos idiomas oficiais presentes no lanzamento definitivo desta nova versión.

Unha comunidade activa e consolidada

En Galiza existen distintas iniciativas e grupos de tradución ao noso idioma dos principais escritorios (GNOME, KDE, XFCE), das principais distribucións (Debian, Ubuntu, Mandriva, Fedora...), así como dos programas máis populares en código aberto (OpenOffice.org, Firefox ou Pidgin...). Se ben as ferramentas foron mellorándose co paso dos anos, a metodoloxía distribuída e descentralizada presenta algúns condicionantes como poden ser a lentitude na transmisión de datos ou a falta de recursos e ferramentas lingüísticas básicas. Por esa razón, as persoas máis experimentadas neste ámbito traballan con programas de asistencia á tradución (CAT) instalados na propia computadora, tal como poden ser o Kbabel, o Poedit.

Dado este proceso colaborativo e a gran diversidade de ferramentas, a existencia dunha metodoloxía conxunta e consensuada configúrase como un elemento fundamental para a non duplicación de esforzos e a conclusión dun resultado final óptimo e coherente. A coordinación de todos os axentes tradutores de Galiza para a unificación de criterios foi un dos aspectos que se sinalaron como fundamentais no transcurso duns obradoiros sobre a tradución de software, tamén promovidos por Mancomún xunto con Trasno e o GLUG no contexto das actividades da última edición do Xuventude Galiza Net.

As persoas que participaron nestes obradoiros coincidiron na necesidade de unir esforzos para lograr un resultado máis efectivo de cara á sociedade galega. Segundo isto acordouse celebrar un encontro no que se debatese sobre as distintas ferramentas, estratexias e metodoloxías de tradución empregadas pola comunidade de tradución de software en Galiza. Deste chamamento, formalizado por Leandro Regueiro a través das distintas roldas de correo electrónico dispersas pola rede, xurdiu a idea de materializar este desexo conxunto que se faría realidade con ocasión do segundo aniversario de Mancomún. Así tomou forma o evento G11n: eu traduzo o teu software, promovido polo Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza de xeito conxunto co resto da comunidade de localización de software ao galego durante os días 10 e 11 de maio en Santiago de Compostela.

O encontro, ademais de fortalecer á propia comunidade tendendo pontes entre o voluntariado, as empresas e a administración pública, serviu para consensuar unha metodoloxía de localización conxunta baseada no uso dos estándares LISA e no traballo coordinado dos distintos axentes involucrados. En termos lingüísticos acordouse traballar por unha guía de estilo consensuada e na apertura dos diversos recursos (dicionarios, memorias de tradución...). Ademais, decidiuse tentar unha maior difusión e promoción dos labores de tradución para conseguir incrementar a comunidade tradutora.

"Galinux non é unha distro"

Xesús Manuel Benítez Baleato máis coñecido como Suso Baleato é o coordenador do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza (mancomun.org). Trátase dun experto tecnólogo galego ao que recurren diversos organismos internacionais como a ONU ou a Comisión Europea para asesorarse en materia de software libre. De formación interdisciplinar, este administrador de sistemas é o autor do primeiro blogue escrito en España e liderou a resistencia europea contra as patentes de software. Neste número especial de Código Cero quixemos que nos contara brevemente máis detalles sobre o novo sistema operativo galego: Galinux.

Suso Baleato con John Maddog Hall, Presidente e Director Executivo de Linux International

-De onde ven o nome de Galinux?

-Pois o nome xurdiu ao fío dun proxecto de reapropriación social das tecnoloxías que tomou forma no seo daquel movemento social chamado Nunca Máis durante a crise do Prestige. O propósito era fornecerlle á sociedade galega unha ferramenta tecnolóxica que favorecera o afortalamento social nun contexto de indefensión da poboación civil e que lle permitira á nosa sociedade defenderse ante futuras agresións como as que estabamos a viver naquel momento. O proxecto tiña dous requerimentos: empregar o galego como idioma vehicular e facelo sobre a base de tecnoloxías libres; e por iso a escolla inicial foi empregar Debian GNU/Linux. Pra visibilizar no propio nome o caracter galego desa tecnoloxía libre, xuntamos as palabras "galego" e "linux", dando galinux, e ahí xurdiu tamén a idea de empregar como mascota un arao (Uria Aalgae), que como sabes é coñecido por ser o "*pingüino galego*", pois nidifica na nosa costa. Mais aquel proxecto esmoreceu e o único que quedou daquelo foi o nome.

Reprodución do pingüín galego (Uria Aalgae ou Arao dos Cons) do artista islandés Jón Baldur Hlidberg

-Pero Galinux agora é un proxecto da Xunta. Cómo percorreu ese camiño?

-O camiño saiu de Galiza, pasou por Brasil e chegou a Estados Unidos antes de renacer de novo eiquí. Cando o proxecto orixinal esmoreceu decidín preservar alomenos o seu nome coa esperanza de que iso axudara a darlle vida nun futuro próximo; mais tiña as miñas dúbidas xa que o nome contiña a palabra "Linux", que é unha marca rexistrada. A casualidade quixo que coñecera naquel entón a John "Maddog" Hall, que resultou ser o Presidente e Director Executivo da Linux International, a organización creada por Linus Torvalds pra protexer a marca Linux. O encontro tivo lugar durante a VII Conferencia Internacional de Software Libre que se celebrou en Porto Alegre (Brasil). Tras plantexarlle a posibilidade, John contestoume que creía poder falar en nome do propio Linus ao dizer que estaría orgulloso de que chamaramos así a unha metadistribución en galego, animándome a iniciar os trámites legais pra preservar a marca. Así o fixen facendo as solicitudes correspondentes primeiro na sé da Linux International en Estados Unidos, e feito iso, rexistrando a marca para o seu uso no ámbito do estado español a través da OEPM. Nada máis obter o visto bó de Maddog, ofrecinlle o uso da marca ás asociacións de linux galegas, pero como non houbo ninguén que se animara a levar adiante o proxecto, decidín poñelo directamente en mans da propria Xunta, que naquel momento daba mostras serias de querer apoiar o software libre, como despois se demostrou.

> *"O camiño partiu de Galiza, pasou por Brasil e chegou a Estados Unidos antes de renacer de novo eiquí".*

-Nunha entrevista que vimos de facerlle indícanos Helena Veiguela, Directora Xeral de Sociedade da Información, que Galinux non é unha distribución nova. Podes darnos máis detalles sobre esto?

-Dende o punto de vista técnico, Galinux é unha adaptación do AraOS, o metapaquete desenvolvido polo Centro de Referéncia e Servizos de Software Libre de Galiza (Mancomún) para proveer un escritorio ofimático multimedia completo en galego. A innovación tecnolóxica que supón o AraOS xurde da conciliación dos intereses en principio enfrentados entre a administración pública galega, necesitada dun linux en galego para facer efectivas as políticas de implantación do software libre, e distintos axentes da comunidade galega do software libre, que rexeitaban a conveniencia de facer unha nova distribución, como fixeron outras Comunidades Autónomas. Ningunha das distribucións de linux existentes proveían unha tradución ao galego homologabel, e por iso o que fixemos foi apoiar a tradución das distintas pezas por separado mentres atopabamos unha solución, apoiando a cada un dos proxectos -OpenOffice, GNOME, Mozilla...- por separado. Despois de tres anos de traballo e de posta en común, chegamos ao conceito do metapaquete, entendido como un conxunto de funcionalidades que podían ser aplicabeis a calquera distribución. A primeira versión deste metapaquete fixémola para Ubuntu básicamente por que o proxecto atopou moi boa acollida na súa comunidade de localización ao galego, mais unha vez publicada a versión estabel, xa será posibel portar ese metapaquete a outras distros como Debian, SuSE, RedHat... por suposto, dependerá xa da comunidade propria de cada distro decidir se queren adaptalo ou non. As vantaxes deste sistema son obvias: non nos atamos a ningunha distribución en concreto e as personas que precisen soporte poden acudir á canle de axuda que cada distro dispón para os seus utilizadores e utilizadoras. Por suposto, trátase de software libre e o código está accesibel na rede igual que os paquetes instalabeis, e fomos visibilizando o proceso de desenvolvemento a través dun wiki público. Desta maneira resolvemos as nosas necesidades, pero tamén axudamos a que outros poidan resolvelas contribuíndo co noso próprio código que liberamos poñéndoo a disposición da comunidade.

55.000 euros para afianzar o software libre

Industria e os GGUL selan un novo pacto a prol da informática aberta

Unha parte importante das actividades de difusión e desenvolvemento de software libre que se levan a cabo na nosa terra xorde arestora dunha colaboración ben concreta: a da Consellería de Innovación (a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información) cos grupos de usuarios e deseñadores de Galiza. O pacto, que xa vén de lonxe e que entre outras cousas deu como resultado o reforzamento de Mancomún (recoñecida polo seu labor a nivel europeo nas últimas semanas e en diferentes ocasións), recibiu o pasado venres 19 de setembro en Santiago un novo pulo, tanto dende o punto de vista orzamentario como dende o eido técnico. O achegamento desa xornada, que tivo feitura de sinatura oficial de convenio, consistiu en unir forzas unha vez máis para traballar na consolidación de Galiza como referente do código aberto en Europa e, tamén, para preparar o Día Internacional do Software Libre (ao día seguinte, o sábado 20 de setembro), do que Mancomún é patrocinador oficial.

Polo que respecta aos orzamentos postos en xogo, dicir que os Grupos Galegos de Usuarios de Software Libre (GGUL) van dispoñer de 55.000 euros para a realización de actividades que contribúan ao reforzamento da produción e divulgación da programación aberta. A achega, que foi confirmada no transcurso do encontro celebrado no Hotel Porta do Camiño de Santiago, irá dar a mans das once asociacións de toda Galiza que subscribiron a acordo.

A contía final, achegada a través da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, tamén vai dirixida a que se manteña a liña actual de cooperación arredor do open source, espallándoa e, asemade, facéndoa máis fonda.

Por certo que na sinatura do convenio participaron Helena Veiguela (directora xeral de Promoción Industrial), Xesús M. Benítez Baleato (coordinador do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre), Xosé Lois Villasante (xerente da dita Fundación) e os representantes das 11 asociacións de usuarios e deseñadores de software libre que xa viñan colaborando de xeito estreito co dito departamento da Xunta. Estes foron os colectivos asinantes:

- Asociación de Usuarios de Linux da Universidade de Santiago de Compostela (AULUSC)
- Asociación de Usuarios GNIX (AGNIX).
- Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Ourense (GULO).
- Asociación Universitaria Grupo de Programadores y Usuarios de Linux (GPUL).
- A Asociación Cultural Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra (GALPON).
- Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Galicia (GLUG).
- O Grupo Asociado pola Libre Información e a Tecnoloxía (GALITE).
- Asociación Cultural Ourensana de Software Libre (OUSLI).
- Asociación de Usuarios de Linux "Inestable.org".
- Asociación Informática Amigus.
- Asociación Cultural de Usuarios de Software Libre de Lugo (LUCUX).

Pasado e futuro dun pacto

Como dixemos, o documento asinado en Compostela é un novo capítulo dunha cooperación que non é nova e que se remonta a 2006, ano no que se subscribiu o primeiro acordo entre Mancomún e os grupos galegos de software libre. En virtude deste convenio, informa a Consellería de innovación, leváronse a cabo medio centenar de actividades e deixouse o camiño aberto á participación destas organizacións de informáticos en eventos de difusión celebrados en toda a nosa xeografía. Segundo se comentou no encontro de Santiago, as novas propostas collerán corpo nun plan de actuacións que será achegado por cada grupo nun prazo de sesenta días para logo ser estudado e aprobado polo Centro de Referencia e Servizos de Software Libre. Posteriormente, o plano será levado á práctica a través de novas actividades para 2008 ou do apoio a outras actualmente en activo.

Amais, establecerase o marco de cooperación co devandito Centro mediante a posta en marcha dunha comisión de seguimento das accións realizadas.

Imaxe do acto de sinatura do convenio no que participaron Helena Veiguela, Xesús M. Benítez Baleato e Xosé Lois Vilansante entre outras personalidades

Grupos de usuarios de Software Libre

Os grupos de usuarios de Software Libre son asociacións sen ánimo de lucro que tentan difundir o uso das tecnoloxías abertas e ofrecer soporte aos usuarios deste tipo de aplicacións no seu ámbito. Aínda que neles participan todo tipo de persoas, o seu xurdimento está vinculado, decote, ás universidades e aos centros de estudos, por atopar nestes espazos os contornos de pensamento máis idóneos para a difusión da filosofía libre que predican.

O desenvolvemento imparable do Software Libre nos últimos anos débese en gran medida a estes colectivos, que repartidos por toda a xeografía mundial veñen ampliando e mellorando o código fonte de multitude de aplicacións. As plataformas libres teñen avanzado dende programacións moi básicas até outras de gran complexidade, superando en moitos casos ás de programas privativos.

Mancomún, paradigma de interoperabilidade pancontinental

A posta en marcha do Observatorio e Repositorio Europeo de Software Libre (OSOR) reafirma o acerto do modelo galego na promoción do software libre

O Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia participou durante o pasado ano en diversos eventos europeos, promovidos polo IDABC (ec.europa.eu/idabc), co fin de compartir o seu modelo en materia de interoperabilidade entre administracións públicas. Este periplo comezou coa participación na presentación do Centro Europeo de Interoperabilidade Semántica Semic.eu, o 17 de xuño, e rematou o 25 coa intervención na xornada sobre a nova versión do Marco de Interoperabilidade Europea, EIF Info Day 2008. Asemade, Mancomún estivo presente no lanzamento do Repositorio Europeo de Software Libre (OSOR) o 18 de xuño.

As intervencións destes encontros, a cargo do coordinador de Mancomún, Xesús Manuel Benítez Baleato, en calidade de membro do Grupo de Expertos da IDABC, foron posibles grazas ao convite expreso das institucións europeas competentes. Este feito pon de manifesto o interese que o labor realizada dende Mancomún está a espertar en Europa, non só como referente indiscutible no eido do software libre, senón tamén na súa aplicación para a consecución doutras metas, como é o da interoperabilidade entre administracións públicas.

A popularidade de Mancomún, iniciativa promovida pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información - Departamento da Consellaría de Innovación e Industria dirixido por Helena Veiguela, vense incrementando progresivamente dende a presentación do proxecto do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre e o seu plano estratéxico 2008-2010 no transcurso do evento europeo IDABC e máis alá, celebrado en Eslovenia o pasado mes de febreiro.

Conferencia inaugural do SEMIC

Mancomún é actualmente o único proxecto do Estado español asociado ao SEMIC e que acudiu ao evento de presentación do mesmo para expoñer os avances acadados en interoperabilidade semántica no contexto da Forxa. O encontro tivo lugar en Bruxelas o martes 17 e nel participaron 25 proxectos procedentes de toda Europa. Co propósito de acadar unha maior difusión da iniciativa, dende o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza desprazáronse o coordinador, Baleato, e a responsable de comunicación, Irene Touriño.

Suso Baleato na presentación do Centro Europeo de Interoperabilidade Semántica

O Centro Europeo de Interoperabilidade Semántica SEMIC.EU púxose en marcha polo IDABC para facilitar o intercambio de datos nos servizos paneuropeos de eAdministración. SEMIC.EU achegará funcionalidades relativas ao repositorio e control de calidade dos esquemas XML, a colaboración e cooperación e a comunicación e difusión de resultados.

No caso concreto da plataforma SEMIC, Mancomún participa como proxecto asociado grazas aos avances acadados en materia de interoperabilidade semántica, motivo polo que a Unión Europea seleccionou a taxonomía de software empregada no repositorio galego (A Forxa) como único activo semántico achegado dende o Estado español. A achega de Mancomún pode ser consultada na propia web do SEMIC, semic.eu.

Modelo para o Observatorio e Repositorio de Software libre da UE

O Observatorio e Repositorio Europeo de Software Libre (OSOR), que vén de ser presentado recentemente polo IDABC en Bruxelas, reproduce "*mimeticamente*" a estrutura de Mancomún como un "*modelo de éxito*" aplicado en Galicia dende hai máis de dous anos.

Esta estrutura baséase nun portal web que permite que tódalas institucións, organismos e persoas (a título individual) compartan o software libre que producen e intercambien os recursos e coñecementos que posúen da materia a través de servizos colaborativos e de observación tecnolóxica.

O feito de que Mancomún sexa o modelo escollido finalmente pola Comisión Europea para pór en marcha o OSOR fai que esta ferramenta se converta nun referente europeo no eido do open source contribuíndo ao asesoramento e desenvolvemento de proxectos internacionais orientados á maior difusión e implantación das tecnoloxías abertas.

Durante o acto (privado) de presentación do OSOR (hai un par de meses), os asistentes puideron debater sobre as posibilidades que abre a propia plataforma, os proxectos de éxito incluídos no repositorio e a orientación que adquirirá o proxecto. Os responsables da iniciativa veñen de anunciar que a versión definitiva da plataforma será presentada ao público en xeral no marco da Conferencia Mundial de Software Libre que terá lugar en Málaga este mes de outubro.

A arquitectura do OSOR está construída sobre Plone e Gforge de xeito que, non so almacenan código fonte e aplicacións listas para o seu emprego directo, senón tamén documentación sobre estas e información sobre as distintas licenzas de software libre e material sobre a contratación de servizos relacionados con tecnoloxías abertas.

EIF Info Day 2008

Mancomún participou en calidade de convidado na xornada informativa sobre a nova versión do Marco de Interoperabilidade Europea, EIF Info Day 2008, que se celebrou o pasado día 25 de xuño en Bruxelas. O coordinador de Mancomún, Xesús Manuel Benítez Baleato, asistiu ao encontro como membro do Grupo de Expertos do IDABC, representando así á única administración autonómica do Estado presente na sesión.

O evento, inaugurado polo director xeral de Informática da Comisión Europea, Francisco García Morán, tivo como obxectivo expoñer os principais retos que se lle presentan á UE en materia de interoperabilidade e afondar nas medidas a adoptar para a acadar a súa consecución entre todas as administracións. O Marco de Interoperabilidade Europeo (EIF) rexerá estes principios como documento guía de traballo.

Primeira toma de contacto oficial: IDABC e máis alá

Mancomún interveu directamente no encontro IDABC e máis alá que se celebrou en Brdo (Eslovenia) no marco da Conferencia de Servizos de e-Administración europea, organizada conxuntamente polo IDABC e a presidencia de quenda eslovena da Unión Europea. A participación no evento, xunto coas mostras de interese amosadas polo proxecto, puxeron de manifesto a boa disposición que a iniciativa galega está recibir en Europa. O encontro deu comezo baixo o título Alianza cos usuarios e orientou a súa primeira xornada de traballo cara á importancia dos servizos panaeuropeos do goberno electrónico (PEGS, Pan-European eGovernment Services). Mancomún interveu pondo de manifesto a relevancia das tecnoloxías abertas en materia de interoperabilidade e converténdose, neste senso, nun proxecto de referencia a nivel europea.

A hora de achegar ombreiro

Mancomún anima á comunidade galega de software libre a participar na Conferencia Internacional de Software Libre que se celebra en Málaga

Sobre o software libre tense dito e discutido moito, e nada hai que indique que vai cesar este continuo ir e vir arredor das súas vantaxes e diferenzas co software privativo. Quen faga, use e desenvolva software libre está xa a sentar as bases dun traballo colectivo na Rede que tamén terá fitos e feitos na vida presencial. Polo tanto, a listaxe de encontros sobre código aberto para a vindeira tempada será (de certo) sensiblemente superior á do ano pasado. E o mesmo acontecerá o ano que vén. Enleadas aparte, albiscamos xa ao lonxe un dos eventos colectivos sobre open source máis importantes do panorama internacional: A Conferencia Internacional de Software Libre (opensourceworldconference.com), prevista para os días 20, 21 e 22 de outubro na cidade de Málaga. O evento en cuestión contará con presenza galega. De feito, a idea é reforzar ao máximo a nosa pegada a todos os niveis do dito encontro. Co fin de que esa pegada galega sexa o máis fonda e ampla posible, o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza (Mancomún) anunciou xa que participará no evento en labores de coordinación. O Centro, que aproveitará para dar a coñecer os seus obxectivos e os seus traballos en materia de difusión do software libre e de tradución ao galego de programas de todo tipo, anima deste xeito á comunidade galega de usuarios, colectivos e empresas ligadas ó código aberto a que participen nesta xuntanza de importancia internacional. Con este fin de coordinar a delegación galega, Mancomún abriu os días pasados un espazo específico no seu wiki.

A UE fará público o seu gran proxecto sobre programación aberta

Entre outras moitas cousas, a Conferencia Internacional de Software Libre será o escenario elixido para a presentación do Observatorio e Repositorio Europeo de Software Libre (Open Source Observatory and Repository, o OSOR), unha plataforma que (para entendérmonos sobre o seu funcionamento) recolle en boa medida o espírito colectivo da iniciativa galega Mancomún para poñer ao alcance dos internautas un gran obradoiro de informática aberta pancontinental.

Máis polo miúdo, engaden os responsables da dita xuntanza, constitúe unha plataforma activa que permite compartir ferramentas e aplicacións de Administración Electrónica (e-Goberno) baseadas en software libre, informando dos traballos desenvolvidos en toda Europa e interrelacionado servizos procedentes dos diferentes países da UE (incluídos os de Mancomún). Aínda máis en detalle, cómpre dicir que o OSOR presentarase sobre unha estrutura na que o devandito centro galego leva un tempo xa traballando, e sobre a que se está a emprestar asesoramento a través do Grupo de Expertos do IDABC. Para facérmonos unha idea, mesmo o libro de presentación do proxecto conta con presenza galega, concretamente a través de Xesús Benítez Baleato, coordinador de Mancomún. A súa achega é o artigo titulado On the semantics domain of the European Construction.

Quen organiza e para que?

Sinalar que a Conferencia Internacional de Software Libre 2008 está organizada de xeito conxunto pola Junta de Andalucía e a de Estremadura. Prevese que os ollos da comunidade mundial de usuarios e desenvolvedores de programación aberta estean atentos a todo o que aconteza ao logo das tres xornadas de encontro, na que participarán 200 especialistas procedentes de todos os recantos do planeta. Mentres se redactaba este texto (a finais de setembro), xa había máis de 2.000 persoas inscritas para participar no encontro, de asistencia de balde.

Entre o máis salientable do programa atópanse os relatorios e experiencias de gobernos que xa migraron unha boa parte dos seus sistemas administrativos e de comunicación a software libre e de outros que están a facelo neste intre. É o caso de Brasil, Venezuela, Ecuador, Paraguai, Cuba ou México.

Asemade, a Conferencia contará coa presenza de especialistas de renome internacional no eido da cultura e a informática aberta, e é o caso de Tim O'Reilly (un dos grandes impulsores do open source no mundo e máis polo miúdo da Web 2.0, a participativa), Jo Walsh (desenvolvedora de programas), Tyler Mitchell (presidente da Fundación Osgeo), Simon Phipps (director de fontes abertas de Sun) ou Bdale Garbee (director de Linux en HP), entre outros.

Código Cero asistirá xunto con outras 40 empresas

A Conferencia Internacional de Software Libre pretende ser un punto de encontro entre empresas, administracións e universidades que pretenden migrar ou que xa migraron cara este tipo de entorno, os seus sistemas administrativos e de comunicación.

Por isto, o evento vai contar co apoio de máis de 40 empresas que terán como obxectivo conxunto mostrar o software libre como unha realidade consolidada pola que é preciso apostar.

Deste xeito, para a realización desta Conferencia, as Juntas de Andalucía e Estremadura contan co apoio de empresas como Guadaltel, Fujitsu-Siemens, Vodafone, Atos Origin, Sun Microsystems, Telefónica, EDM Electronics, Sadiel, CEPES, Emergya, OKI, Graef, HP, Intecna, Ándago, IBM, Oesía (IT Deusto), e-Gim, Everis, IECISA, Intel, GMV, Oracle, Near Technologies, Bull, Caymasa El Sendero, Novasoftw, Telvent, Ingenia, Silicon Grafphics, Expansiva, EPTISA, Nokia, Ingres, Himetrix, MP Sistemas, Yaco, Novell, GT Solutions e Smart.

Asemade, os organizadores destas xornadas abertas a todo tipo de público, disporán da axuda doutras entidades: CENATIC, RTVA, o Centro de Excelencia de Software Libre de Albacete, o Parque Tecnolóxico de Andalucía (PTA), RETA, o Instituto Tecnolóxico de Informática (ITI), Enxeñería Sen Fronteiras, Iniciativa Focus, Fundación I+D Software Libre, ASOLIF e Andalibre, así como con medios de comunicación como Linux Magazine, Cibersur e a Gaceta Tecnolóxica que seguirán o acontecemento de preto para manter informada á sociedade interesada neste campo das novas tecnoloxías.

A nosa revista de novas tecnoloxías en galego, Código Cero, tamén estará na devandita Conferencia, aportando o seu gran de area cun especial interior de 8 páxinas dedicado ó software libre, que incluirá colaboracións especiais do coordenador de Mancomún así como unha entrevista á directora xeral da Sociedade da Información, Helena Veiguela.

AS VERDADEIRAS RAZÓNS PARA EMPREGAR FIREFOX 3

MOZILLA DÁ CONTA DAS CIFRAS QUE ACOMPAÑAN Á ÚLTIMA VERSIÓN DO NAVEGADOR

A última versión do navegador de código libre máis coñecido entre os internautas de todo o mundo, o Firefox, saíu á luz no pasado mes de xuño nun día no que, en tan só 24 horas, máis de 8 millóns de persoas descargárono de balde facendo que pasara a formar parte do libro Guinness dos Récords como o software máis descargado nun día.

Segundo responsables de Mozilla, ao longo desa xornada producíronse "*unhas 14.000 descargas por minuto"* e a día de hoxe, dous meses despois da súa presentación oficial no mercado, o Firefox 3 xa foi instalado nun total de 28.340.281 ordenadores (e a cifra segue a incrementarse).

Os seus creadores aseguran que esta versión é unha mellora da anterior que pretende facer da navegación pola Rede, unha experiencia "*máis rica, produtiva e personalizable"* para os seus usuarios.

Porén, o certo é que agora que chega o lanzamento do Internet Explorer 8, a nova versión de Opera, o Chrome de Google ou a de Safari con Windows, Mozilla quere volver a transmitir as 10 razóns polas que un usuario debe decantarse por Firefox 3 e non por outros;

As primeiras céntranse nas navegacións seguras pois afirman que a seguridade "*está probada*" a través dun seguimento e rexistro constante así como de actualizacións máis frecuentes e transparentes para os usuarios. Asemade, este navegador conta con protección fronte a software malware e fraudes para estar protexido contra descargas involuntarias tales como troianos e virus.

En canto á navegación do usuario, esta optimizouse con diversas melloras como a barra de dirección intelixente que permite dar con páxinas visitadas anteriormente de xeito doado; o restablecemento de sesión que posibilita continuar a navegación coas últimas pestanas abertas ó abrir o Firefox de novo; o moderno xestor de descargas, que lle deixa ao usuario parar as descargas realizadas e continuar con elas máis tarde; ou o feito de que sexa configurable, co que o internauta pode cambiar o aspecto e engadir novas funcionalidades a través do xestor de complementos.

Os responsables de Mozilla lembran, asemade, que o Firefox 3 é máis rápido en aplicacións web complexas, emprega menos memoria de sistema "*que calquera outro navegador do mercado"*, e permite integrar os últimos estándares web.

Aparte dos devanditos motivos expostos por Mozilla, que poden ou non convencer aos usuarios, o certo é que hai dúas razóns de peso que nos levan a afirmar que o Firefox 3 é un máis que atractivo,candidato a formar parte das nosas ferramentas favoritas para navegar pola Rede.

Dende que no pasado mes de xuño se estreara o Firefox 3, dende Mancomún puxéronse a traballar arreo e prepararon un paquete de idioma para traducir o navegador da Fundación Mozilla ao galego, de xeito que posteriormente se incorporou como paquete de idioma oficial no Firefox 3.0.3. Continuando nesta mesma liña, a páxina oficial do Firefox, vén de estrear a presente versión 3.0.3 do navegador oficialmente en galego que, na actualidade, se atopa en fase de probas polo menos durante todo o mes.

Esta nova versión do Firefox está completamente traducida á nosa lingua polo que é, se cabe, moito máis atractiva para aqueles usuarios que, coma nos, gustan das aplicacións coas que se poden entender na seu mesmo idioma.

Asemade, o paquete Firefox 3.0.3 ten as súas correspondentes versións tanto para Windows como para Mac e Linux.

Ademais do castelán e o galego, que son os idiomas que máis nos interesan en xeral a tódolos internautas galegos, na actualidade xa hai unhas 48 linguas totalmente integradas en Firefox, así como outras 8 en probas para a súa incorporación definitiva, todo grazas a grupos de voluntarios que colaboran nas labores de tradución que permiten que o popular navegador sexa o máis próximo posible aos seus usuarios.

Por último, cabe destacar que a última versión de Firefox conta con moitos complementos (os máis populares están en https://addons.mozilla.org/es-ES/firefox/browse/type:1/cat:all?sort=popular) que permiten levar a cabo accións como descargar vídeos de YouTube, administrar as nosas descargas, eliminar a publicidade de páxinas web ou incluso achegar distintas opcións cando pinchamos sobre un ficheiro PDF, tales como abrir o navegador, descargar o arquivo ou acceder ao mesmo directamente dende un servizo que o converte en HTML.

A nova versión do Firefox, a 3.0.3. xa está dispoñible en galego na versión de probas que se alongará durante un mes

"AS INSTITUCIÓNS TEÑEN QUE FOMENTAR O USO RESPONSABLE DO SOFTWARE LIBRE PARA GARANTIR O FUTURO DO SECTOR TIC GALEGO"

ROBERTO VIEITO PRESENTOU UNHA INVESTIGACIÓN CONTEXTUALIZADA SOBRE A REALIDADE DA PROGRAMACIÓN ABERTA NAS EMPRESAS E INSTITUCIÓNS DA NOSA TERRA

Malia que o software libre xurdiu antes có privativo, durante un período moi significativo da aínda curta historia da informática estivo baixo a sombra deste último e dos intereses que nel teñen un bo número de importante empresas e estados.

Dentro da problemática ligada a esta situación atópase a xénese do gran nivel de descoñecemento sobre as súas vantaxes e filosofía que aínda existe a todos os niveis das institucións públicas, do eido empresarial e da sociedade en xeral.O paso para inverter a situación, e para que o código aberto ocupe o lugar que lle corresponde por dereito, atópase precisamente en darse a coñecer, e en que a sociedade sexa consciente dos beneficios e melloras que achega, tal como sinala Roberto Vieito (alumno da edición do ano pasado do Máster en Software Libre de Caixanova, a Universidade Rey Juan Carlos e Igalia), responsable dun estudo relativo ao estado de adopción do código aberto nas firmas galegas (usuarias e produtoras de software) e contextualizado no marco xeral das TIC no ámbito mundial, e que puidemos ver dende hai meses na forxa de Morfeo (forge.morfeo-project.org).

Este traballo, que ante todo xurdiu coa arela de ser útil, tamén foi encamiñado a tomarlle as medidas a Galiza para descubrir o que mellor lle acae. E, nestes tempos, sinala Vieito, o que menos precisa unha realidade TIC coma a nosa (profundamente distinta á do Sillicon Valley) é un único traxe feito á medida do software pechado.

Dito doutro xeito: apostar dende o eido público polo software privativo en Galiza é como defender aquí os intereses das empresas californianas.

-Brevemente, que é o que tocas no teu traballo de investigación para o Máster en Software Libre de Caixanova e Igalia que non se tocase até o de agora?

-A novidade do meu traballo de investigación atópase na integración de datos. A Consellería de Innovación e Industria leva a cabo, decote, un gran labor de estudo do software libre, pero nos resultados publicados sempre botei en falta a presenza de información que servise para contextualizalos no marco español, europeo e mundial no que se desenvolven tanto o software libre como a innovación. O meu estudo, partindo dos datos publicados por entidades de contrastado prestixio, trata de construír unha visión global e contextualizada sobre o código aberto en Galiza, partindo sempre da necesaria consistencia estatística para poder extraer conclusións certeiras.

Vieito, segundo pola dereita, na compaña dos alumnos da anterior edición do máster

-Podemos velo nalgunha ligazón?

-Por suposto, atópase na forxa que empregamos no Máster, dispoñible a través de forge.morfeo-project.org. Este é o sitio exacto para ver o pdf:

svn.forge.morfeo-project.org/svn/freeswmaster/trunk/rvieito/1st-Work/A_study_about_Libre_Software_in_Galician_companies.pdf

-Cres que pode servir de proveito para algún usuario, colectivo, institución ou futura empresa?

-A utilidade é precisamente un dos motivadores principais que me animaron a levar a cabo este traballo. Debido ao seu enfoque, o estudo permite tanto monitorizar o estado do software libre en Galiza (útil para as institucións que fomentan o seu emprego ou que queren usalo) como coñecer a importancia económica que actualmente ten e que a Comisión Europea estima que vai ter no curto e medio prazo (perspectivas moi importantes para fomentar vontade emprendedora ligada ao software libre e para abrir liñas de negocio neste sector). Finalmente, o estudo tamén achega unha serie de medidas que poden favorecer a penetración deste tipo de programas de fontes abertas en Galiza, información de valor para moitos colectivos.

-Máis en termos xenéricos, hai algo sobre o software libre a nivel mundial que non se dixese?

-Máis que valorar se quedan cousas por dicir ou non arredor do software libre, eu faría fincapé no eido da difusión: pode que xa se dixese todo o que se pode dicir sobre este tema, pero na sociedade e no mundo empresarial segue a haber un enorme baleiro de coñecemento sobre o open source, a súa filosofía, vantaxes, modelos de negocio, etc. O problema está en que semella que toda a información que hai dispoñible sobre o código aberto, na práctica, non é coñecida nin pola sociedade en xeral nin polo eido empresarial en particular. O software libre xa é en si mesmo un concepto sorpresivo, xa que prima as liberdades dos usuarios e dos programadores sobre o negocio, e se desenvolve sobre todo de maneira altruísta e distribuída. Se este xeito de entender o software se extrapola a outros eidos, como pode ser a produción artística, as sorpresas serán múltiples e posiblemente moi gratas.

-Que é o que cres que lle daría máis riqueza ó tecido económico galego e, en última instancia, á súa sociedade, un concepto de software pechado, proteccionista co de seu, ou algo máis ligado ó código aberto, máis baseado na colaboración?

-En termos xerais os modelos de negocio baseados na filosofía da programación de fontes abertas son máis axeitados para as compañías TIC galegas, xa que estas empresas na súa maior parte ofertan servizos, e o software libre achégalles vantaxes competitivas (dende o punto de vista de acceso ao código, soporte, facilidade de desenvolvemento sobre ferramentas amplamente testadas e melloradas pola comunidade, custos, etc) que o software privativo non pode. Para as empresas do resto de sectores, e para o conxunto da sociedade, a fonte aberta representa na práctica unha maneira de aforrar custes en infraestrutura tecnolóxica e de evitar a creación de mercados cautivos dos produtos e formatos pechados dun conxunto de empresas. Con todo, hai que mencionar que os modelos de negocio baseados no software privativo tamén son a base de negocio dunha serie de empresas TIC galegas, cuxa actividade principal consiste no desenvolvemento dun produto informático propio, punteiro, que compite a nivel internacional. Debido a isto, a correcta convivencia de ambos modelos seguramente sexa a mellor fórmula de enriquecemento do tecido económico galego.

-Cres que as institucións galegas están facendo abondo a prol do software libre?

-A miña opinión é que o traballo a prol do software de fontes abertas nas institucións galegas está moi desequilibrado: existen institucións e entidades que están a facer un bo traballo para fomentar o seu uso (nomeadamente a Consellería de Innovación e Industria), pero tamén existen outras moitas que teñen unha implicación nula (por desgraza, podemos observar con certa frecuencia como dende entidades públicas galegas se leva a cabo a compra masiva de licenzas de uso de aplicacións privativas sen facer un estudo previo que lles indique a conveniencia ou non de facelo). Estes feitos salientan a necesidade de que as políticas relacionadas coas TIC e co software libre teñan que ser transversais non só na teoría, senón tamén na práctica. O labor dunha administración, en abstracto, é procurar o ben para os seus administrados. Dende este punto de vista, non creo que sexa obriga de todas as administracións apostar polo software libre; seguramente nos estados de California e Washington sexa máis beneficioso para os seus habitantes que as súas institucións apoien ás empresas locais (principais produtoras mundiais de software privativo) en lugar de apoiar ao software libre. Dende logo no caso de Galiza, e do resto de lugares do mundo cuxas empresas TIC non se fundamentan en modelos de negocio baseados no software privativo, considero que fomentar (de xeito estudado e responsable) o uso do código aberto é unha obriga para as súas institucións.

TRISQUEL GNU/LINUX, VAI POR LIBRE

O COORDINADOR DOS TRABALLOS PARA A CREACIÓN DO SISTEMA OPERATIVO EN GALEGO, RUBÉN RODRÍGUEZ AFONDA PARA CÓDIGO CERO E OS SEUS LECTORES NOS SEGREDOS DESTE AMBICIOSO PROXECTO E CONVÍDAOS A PARTICIPAR NEL CO SEU GRAN DE AREA

Semella que por fin o software libre está a chegar ao gran público: case todo o mundo coñece programas como Firefox ou OpenOffice.org, e GNU/Linux xa non soa tan raro aos oídos dos usuarios. As distribución deste sistema operativo son cada día máis doadas de empregar, potentes e funcionais.

E hai centos delas. Hai anos, os primeiros entusiastas que nos fomos introducindo neste eido contabamos con poucas opcións, como Debian, Slackware, SuSe ou RedHat. Algunhas como Ubuntu ou Fedora aínda non existían sequera, había poucas derivadas destas pioneiras. Co paso do tempo xurdiu a tecnoloxía precisa para facer distribucións personalizadas, e hoxe en día hai unha cantidade inmensa. Pero case todas teñen algo en común, e é que por desgrazas inclúen software privativo. Xa sexa un simple driver ou todo un conxunto de aplicacións –como algunhas distribucións especialmente insensibles cos dereitos dos usuarios-, elixiron un camiño alternativo á liberdade e á ética.

"Trisquel GNU/Linux é unha variante de Ubuntu que naceu como derivada de Debian e que ten como obxectivo crear un sistema operativo en galego".

Con todo, hai contadas e salientables excepcións. De todo este amplo abano de variantes personalizadas, só seis son libres de abondo como para ser recomendadas pola *Free Software Foundation*, e moi axiña se lles unirá unha máis. Trisquel GNU/Linux é unha variante de Ubuntu –naceu como derivada de Debian, e pasou logo a estar baseada na popular distribución surafricana a mediados deste ano que conta con repositorios propios

MÁIS INFORMACIÓN EN TRISQUEL.UVIGO.ES



Trisquel para empresas.

nos que só hai software libre. Un dos seus obxectivos principais é crear un sistema operativo en galego, pero tamén inclúe soporte para castelán, catalán, éuscaro e inglés.

Un proxecto maduro

O proxecto naceu co apoio da Universidade de Vigo e está xa no seu quinto ano de vida, tempo no que se teñen publicado máis de 20 revisións do sistema operativo. O propio iniciador do movemento polo software libre, Richard Stallman, apadriñou o proxecto participando na súa presentación en abril de 2005. Neste percorrido se teñen distribuído máis de 40.000 copias do sistema, e entre os intres máis salientables sobresaen o ter sido a primeira distribución en incluír o –agora espallado- sistema de efectos de escritorio 3D Compiz.

Hai tres edicións do sistema operativo: unha edición doméstica que se coñece só como Trisquel, e que inclúe xogos, utilidades, programas de rede e incluso un media center que pode converter a tele do salón nun completo reprodutor multimedia. Ten unha face coidada e é moi doada de empregar. Sobre este alicerce se constrúe unha edición que foi deseñada especialmente para pequenas e medianas empresas: Trisquel Empresas. Inclúe software de facturación, contabilidade, xestión financeira, terminal punto de venda, ofimática en xeral. Esta edición presentouse de xeito oficial na feira internacional SIMO 2007, cun gran éxito entre o público.

"A terceira espiral do trisquel engadiuse hai pouco con feitura dunha edición para centros de ensinanza, Trisquel Educación".

Liberdade nas aulas

A terceira espiral do trisquel engadiuse hai pouco con feitura dunha edición para centros de ensinanza, Trisquel Educación. Está deseñada para simplificar a tarefa do profesor, facendo que administrar un grupo de aulas sexa moi sinxelo. Ten un sistema de xestión que permite visualizar en tempo real os escritorios de todos os alumnos e interacturar con eles. Tamén ten soporte para encerados dixitais de baixo custo e un avanzado sistema de edición de perfiles de usuarios. E por suposto inclúe un feixe de programas educativos, amoreados por categorías: matemáticas, programación, ciencia, linguaxe, etc.

Outra das posibilidades intere-

Stand de Imagos onde se presentou Trisquel na pasada edición de SIMO

santes desta edición é que permite configurar un ordenador con Trisquel como servidor de terminais. Isto é, un computador que permite que os que estean conectados á mesma rede poidan arrancar sesión en Trisquel sen telo instalado, ou mesmo sen ter nada instalado. Estes clientes lixeiros poden ser dende ordenadores normais a pequenos dispositivos especializados, sen disco duro, ventiladores nin partes móbiles, pequenos e

"O trisquel era o talismán dos druídas, un símbolo celta que representa a evolución, o medre e a aprendizaxe".

silandeiros. Quen quere un aula con 30 computadores de grandes dimensións prendidos á vez, convertendo a habitación nun forno, cando pode ter unha aula silandeira e fresca que consume un 10% de corrente? Asemade, ten a vantaxe de que só hai que configurar un ordenador, as terminais son prescindibles, substituíbles e baratas. Pero a experiencia do usuario é igual de boa!

Estas tres edicións teñen un piar común, Trisquel 2.0, que conta con moitas novidades interesantes. Para comezar, hai unha versión de 32 bit e outra de 64, para aproveitar ao máximo o hardware. Para seguir, inclúen as últimas versións de todos os programas que empregamos e amamos: Firefox, OpenOffice, Evolution, Gimp e un longo etcétera, correndo sobre o contorno do escritorio GNOME e o kernel Linux 2.6.24. Trisquel usa como base os repositorios da última versión LTS –Long Term Support ou Soporte a Longo Prazo- de Ubuntu, o que garante que o sistema sexa estable e que conte con actualizacións e melloras durante os vindeiros tres anos.

O porqué dun trisquel

O trisquel era o talismán dos druídas, un símbolo celta que representa a evolución, o medre e a aprendizaxe. O noso, en homenaxe ao proxecto que tomamos como alicerce, está feito con tres espirais de Debian, distribución sen a que moitas outras como Trisquel ou Ubuntu non serían posibles.

Supoño que se chegastes até acó é porque o proxecto che pareceu interesante, así que voume permitir a liberdade de pedir pedirche a túa axuda. Para comezar: proba Trisquel, é de balde, e pódelo atopar na web do proxecto, en http://trisquel.uvigo.es/. Por suposto, podes seguir empregándoo todo o tempo que queiras. E se achas fallos, entra nos foros e protesta! Tentaremos amañalos e facer un sistema mellor entre todos e todas.

O equipo de Trisquel, con Richard Stallman no centro á esquerda

A parte na que máis axuda se precisa é no noso proxecto máis ambicioso: a ver-

"Este sofware libre de orixe galega distribúese de balde".

sión educativa. Queremos que Trisquel Educación sirva para dar clase dende a escola primaria até os institutos e universidades, polo que temos que coñecer as necesidades dunha gran variedade de alumnos. Así que se es mestre, cóntanos que tipo de ferramentas desexarías ter dispoñibles. Nós procuraremos os programas ceibes para logo engadilos aos nosos repositorios. Colabora para facer deste un gran proxecto.

LINUX_EDUCATIVO

AS FLORES DO OUTONO

1.- O murmurio do bosque

Se hai algo que me excita é a curiosidade no intre da saída dunha nova versión da distribución de GNU/Linux. Trisquel (trisquel.uvigo.es) é o nome clave que os rapaces de Sognus lle van a poñer. A –mellor, as- versión 2.0 ten como nome clave "Robur", deus celta das fragas. Sen decatarse estes mozos identificaron dous elementos, auga e terra, que resumen a esencia da nosa terra, Galicia.

E de Galicia trata este breve escrito. Da nosa terra e do seu desenvolvemento nas tecnoloxías da información e a comunicación. Teñen xurdido empresas potentes como Blu:sens, chegan gagdets mediáticos como o iPhone, e finalmente, o software libre acadou a madurez, unha por que non atrevérmonos a chamala así, distribución rexional: Trisquel. Esta distribución súmase a Linex, Guadalinex, LinCat, Lliurex, Max, Molinux, etc.

A primeira boa nova é que por fin se logrou a vella arela do que escribe estas liñas: unha estandarización das distintas distros rexionais de cara á optimización dos recursos públicos. O alicerce de isto foi a distribución máis popular no ranking de Distrowatch.com. Das excelencias da distro de Canonical pouco ou nada hai que dicir. Conquistou de xeito lento, pero semestre a semestre, o escritorio doméstico. Ese era o castelo Güindows a asediar e conquistar por Linux.

Segundo, porque a familia Trisquel medrou. Á edición xeral á das empresas súmase agora a da educación. Isto que apenas ocupa unha liña é unha nova inmensa. Con soporte para encerados electrónicos e un software de control de aulas incrible, preséntase como unha ferramenta eficaz para o labor docente. Un paso adiante, ou sexa.

2.- O son do vento

Trisquel Educación é o resultado dun longo proceso de madurez. Falo de madurez porque foi unha mellora sen renuncia aos principios que deron lugar ás primeiras versións de Trisquel. A distribución segue a ser de xeito íntegro de software libre, sen ningún paquete propietario. A xeito de anécdota de isto, podo salientar a falta de Squeak, o eido de desenvolvemento de Smalltalk. Todas as distribucións educativas inclúen esta ferramenta de autor para a construción de aplicacións educativas; sen embargo, cando as persoas de Trisquel –eu mesmo- propuxemos a aplicación so pena de agravio comparativo con outras distros, caeuse na conta de que non cumpría coa licenza Debian. O mesmo acontecía con aplicacións semellantes e atractivas como Scracht, Alice ou o analizador do MIT "*Alloy*". Coherencia cos nosos propios comezos. Ética.

Nesta mesma liña está o esforzo de usabilidade. As versións beta de Trisquel Educación eran moito máis pesadas cá versión final. Facer unha versión que poida ser queimada nun CD é fundamental para que nos diferentes centros poidan tirar proveito dos equipos vellos.

"Trisquel Educación é o resultado dun longo proceso de madurez".

Sistema de control de aulas en Trisquel Educación

Este aproveitamento do hardware sempre foi un dos puntos fortes de Linux. Renunciouse a ofrecer un DVD con cen mil e unha aplicacións, lento e esixente en requirimentos de sistema. As aplicacións agrupáronse de xeito temático e por niveis e incorporáronse ao repositorio como metapaquetes para descarga. Que cada un teña o que realmente vaia precisar.

A versión final de Trisquel Educación –RC2- ten poucas máis novidades. Un antivirus, ClamTK, Virtual Box, un emulador de máquinas virtuais e o OpenJDK Java 6.

A distribución nesta versión aparece xa traducida ao galego normativo –de feito, renunciouse a software interesante por non estar acabada a tradución-, e ás outras linguas do Estado, éuscaro, castelán e catalán. Amén do inglés, por suposto.

DIABLO III: PADRE, CONFESO... QUE PECAREI

Neste avance dedicado ó vindeiro lanzamento do que vai ser sen dúbida algunha un dos xogos máis gozados do século XXI voume deixar levar pola paixón.

E confeso que pecarei porque esta é unha aposta segura. Porque de seguro que todo aquel que nalgún intre da súa máis ou menos longa vida xogara, aínda que fose un pouco, a segunda parte do Diablo de Blizzard non vai deixar pasar a oportunidade de vestir de novo os colores da guerra e loitar contra o mal sexa onde sexa que nos leve a historia desta volta.

Si. Xa está. Xa está case rematada a operación *Diablo III. "Non foi sen tempo"* diría a miña aboa se fose adicta a serie. E neste tempo pasado dende que se editara aquela exitosa segunda versión do Diablo ata hoxe pasaron moitas cousas. Entre outras os ruxerruxes que falaban (con moi mala baba) da posibilidade de que o xogo recibira un novo enfoque, un enfoque 3D. Pero grazas a deus non foi así. E os responsables de Blizzard Entertainment para evitar sustos, palpitacións, suores e demais efectos provocados pola impaciencia e a inquedanza xa puxeron en circulación as primeiras imaxes do que será *DIABLO III.*

E si. A cousa pinta moi parecida. E nós que nos alegramos.

Un pouco de historia. A primeira edición deste xogo foi o Diablo. Unha aventura que inauguraba un novo xeito de xogar co teu ordenador. Chamáronlle dende aquela RPG. Era o ano 1996 e o éxito, moderado daquela primeira edición convenceu os programadores e os empresarios de que o público precisaba máis. E naceu a segunda parte. Esa segunda parte dique deixa o famoso refrán a altura do betún. *Diablo II* segue a ser hoxe en día, despois de máis de oito anos de historia, un dos xogos que resiste o paso do tempo. Non só no disco duro do teu ordenador do que non te atreves a borralo. Senón que aínda é posible atopalo en moitos andeis das tendas de xogos.

É máis. Unha vez que ventilas o xogo cun dos personaxes (Bárbaro, Paladín, Feiticeira...) non podes máis que repetir prato con outra das personaxes, facerte coa expansión que nos deu a oportunidade de practicar coas artes dos mortos (Nicromante) e coas artes marciais (Asasina). E incluso houbo moitos que devecidos por ter máis aventura botaron man da primeira edición. Máis pobre en gráficos, menos acción, menos obxectos... pero Diablo a Fin é o cabo.

E agora chega o bo. Despois de tanta espera xa está case aquí; e as imaxes falan por si soas.

HUNT 2 CHEGARÁ A ESPAÑA O 31 DE OUTUBRO

O xogo *Manhunt 2* arrastrou a polémica durante moitos meses por mor da súa violencia, que o levou a ser prohibido en varios países, polo que se dificultou a súa distribución ata o punto de que só saíu á venda nos EE.UU., pero agora dende Rockstar anuncian que o vindeiro 31 de outubro chegará ás tendas británicas (confirmándose que na mesma data tamén chegará a España) nas súas versións para Nintendo Wii, PlayStation 2 e PSP.

O lanzamento europeo do xogo foi posible grazas a que Rockstar conseguiu que se tivera en consideración a súa apelación fronte a BBFC (entidade británica que dá a cualificación por idades dos videoxogos, que se negaba a certificar *Manhunt 2* por considerar que non era apto para ningunha clase de público).

Aínda así no é de agardar que o xogo poida ter unha boa resposta comercial, xa que moitos usuarios xa o teñen aburrido, pois a versión europea do xogo para PS2 se filtrou en setembro de 2007 á Internet por un traballador de Sony (despedido por tal temeridade), de xeito que o novo lanzamento correspondería a un xogo vello, con máis dun ano de vida nas tendas norteamericanas e nas redes P2P europeas.

O xogo era excelente no seu lanzamento, e aínda se trata dun produto destacable, aínda que quede totalmente eclipsado polos lanzamentos posteriores de *Rockstar Games* (coma *Canis Canem Edit ou Grand Theft Auto IV*).

TOMB RAIDER: UNDERWORLD TERÁ CAPÍTULOS EXCLUSIVOS PARA XBOX 360

Aínda que o xogo *Tomb Raider: Underworld*, que promete devolver a gloria á saga protagonizada por Lara Croft, non chegue ás tendas ata o 21 de novembro, iso non impide que Eidos xa anuncie que os usuarios de consolas Xbox 360 poderán contar con capítulos exclusivos do xogo que se poderán adquirir a través do Bazar de Xbox LIVE (onde tamén se poderá descargar unha demostración do novo xogo ao longo deste mes).

Os novos capítulos serán Beneath the Ashes (que será unha continuación directa da historia do xogo a xeito de secuela) e Lara's Shadow (que presentará a un novo tipo de personaxe xogable e creará unha experiencia única en Tomb Raider) e sairán no Nadal e a primeiros de 2009 respectivamente.

Tomb Raider: Underworld tamén se venderá para as consolas PS3, PS2, Nintendo DS e Wii, así como para PC.

visionari(R)s # exp. 06_1920

Fig. 1.



Fig. 2.



internet de alta velocidade por fibra óptica
con conexión permanente, sen límite de descarga
e coa mellor valoración dos usuarios

instalación e mantemento gratis no teu domicilio

infórmate gratis no
1445
mundo-R.com

mellor valoración dos usuarios segundo a enquisa OCU (decembro 2007), STIGA (xuño 2008) e AIMC (febreiro 2008)

O 98% DO QUE ARQUIVAMOS NUNCA SE BUSCA. O 2% NUNCA SE ENCONTRA.

Non podemos simplificar toda a túa empresa, pero si a parte financeira.

DESCOMPLICATE!

CAIXAGALICIA EMPRESAS

www.caixagalicia.es

Infórmate no **902 022 500**